

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

11247 *Real decreto lei 24/2012, do 31 de agosto, de reestruturación e resolución de entidades de crédito.*

I

Segundo a xa clásica definición contida no artigo 1 do Real decreto legislativo 1298/1986, do 28 de xuño, sobre adaptación do dereito vixente en materia de entidades de crédito ao das comunidades europeas, a peculiar natureza destas entidades de crédito deriva da súa forma de captación de pasivos, consistente en «recibir fondos do público en forma de depósito, préstamo, cesión temporal de activos financeiros ou outras análogas que leven aparelada a obriga da súa restitución». A aplicación destes pasivos «por conta propia á concesión de créditos ou operacións de análoga natureza» é a outra cara da moeda do seu labor de intermediación financeira, pero non é exclusiva das entidades de crédito, a pesar da denominación que lles é propia.

Por outro lado, as entidades de crédito teñen un papel clave na economía, na medida en que facilitan a circulación do crédito ao resto de sectores de actividade produtiva e aos cidadáns. Este aspecto, sumado á complexidade do sistema financeiro e ao feito de que algunhas entidades individualmente consideradas teñen importancia sistémica debido ao seu tamaño e ás relacións que manteñen dentro do sector, exige contar con procedementos eficaces e flexibles, que permitan garantir a estabilidade do sistema financeiro, co menor custo posible para o conxunto da sociedade.

Estas peculiaridades das entidades de crédito requiren que toda medida de supervisión ou de regulación delas vaia ante todo encamiñada a dar seguridade ao público do cal a entidade capta o seu pasivo e, por ende, a preservar a estabilidade do sistema financeiro.

Pola súa vez, estas necesidades xustifican que determinadas situacións de inviabilidade transitoria de entidades de crédito deban ser superadas mediante a inxección de fondos públicos. A finalidade principal destas inxeccións é a salvagarda dos aforros e depósitos de todos aqueles clientes que, doutro modo, en caso de que estes apoios falten e que se deba proceder sen máis á liquidación da entidade de crédito, poderían perder unha parte importante do seu patrimonio.

Unha vez admitida a necesidade de apoios financeiros públicos en determinados casos, é preciso que a normativa destinada a regulalos garde o necesario equilibrio entre a protección do cliente da entidade de crédito e a do contribuínte, minimizando o custo que teña que asumir o segundo co fin de salvagardar o primeiro, e sen esquecer que na maioría dos casos coinciden nos cidadáns unha e outra condición. O maior equilibrio conséguese cando os fondos públicos inxectados poden ser recuperados nun prazo razoable por medio dos beneficios xerados pola entidade apoiada.

Por todas as razóns anteriores, os poderes públicos deben prestar un apoio decidido, aínda que equilibrado, á viabilidade das entidades de crédito e deben regular a forma e os casos en que se produce tal apoio, que supón necesariamente unha modulación dos principios de universalidade e de *pars conditio creditorum* que rexen os procedementos de insolvencia.

Existen numerosas ocasións nas cales determinadas debilidades transitorias das entidades de crédito poden ser superadas mediante a inxección de fondos públicos, evitando así a liquidación da entidade e a mera división do activo entre o pasivo e a asunción proporcional de perdas entre todos os acredores. Estes son os supostos de reestruturación de entidades de crédito.

Existen tamén outras ocasións nas cales a inviabilidade definitiva das entidades de crédito non debe ser resolta simplemente mediante a referida división, senón que convén

previamente segregar as partes sas da entidade, e mesmo tamén as máis prexudicadas, co fin de que a aplicación do procedemento de insolvencia ordinario se leve a cabo unicamente respecto ao remanente, se o houber. Encontrámonos en tales casos ante os supostos de resolución, verdadeiro neoloxismo no noso ordenamento xurídico, pero que expresa de forma clara o que se pretende: resolver da mellor forma posible unha situación de inviabilidade dunha entidade de crédito.

Finalmente, existen outros supostos nos cales as dificultades que atravesan as entidades de crédito son de carácter moito máis leve que as anteriores e poden ser corrixidas mediante determinadas medidas, cuxa finalidade básica é asegurar que a entidade de crédito recobra a súa estabilidade e alcanza plenamente todos os seus requirimentos regulatorios, evitando a necesidade de lle inxectar fondos públicos ou facéndoo unicamente de forma excepcional e transitoria. Trataríase dos supostos de actuación temperá.

Sobre esta tripla distinción (actuación temperá, reestruturación e resolución) descansa a estrutura do presente real decreto lei, destinado a regular de forma clara e eficaz cada un deses casos, os instrumentos e medidas que se poidan adoptar respecto a cada un deles e os efectos que poidan producir tales instrumentos e medidas.

II

Todo o dito anteriormente se manifestou con particular intensidade na actual crise financeira, que afectou de maneira tan relevante as entidades de crédito, e puxo de manifesto a necesidade de contar cun marco robusto e eficaz de xestión de crises bancarias, de maneira que os poderes públicos dispoñan dos instrumentos adecuados para realizar a reestruturación e a resolución ordenada, de ser o caso, das entidades de crédito que atravesan dificultades.

Son numerosas as iniciativas e as actuacións que en moitos ámbitos se levaron a cabo nos últimos anos, encamiñadas precisamente a promover unha adaptación dos mecanismos de reestruturación e resolución ás novas necesidades detectadas a raíz da crise económica.

En outubro de 2011, no marco do G-20, a Xunta de Estabilidade Financeira aprobou o documento «Elementos fundamentais para o réxime de resolución efectivo de institucións financeiras», no cal se delimitan os aspectos esenciais para o establecemento dun adecuado réxime de resolución de entidades. Este documento ten como obxectivo promover un marco legal e operativo que facilite ás autoridades a reestruturación ou resolución de entidades financeiras dunha maneira ordenada sen expor o contribuínte á asunción de perdas derivadas das medidas de apoio, e asegurando a continuidade dos elementos vitais da entidade. Nel recóllense, ademais, unha serie de instrumentos de resolución que, segundo acordou a Xunta, é conveniente que estean á disposición das autoridades de resolución dos Estados.

Nunha liña similar, os informes do Fondo Monetario Internacional sobre o sistema financeiro español, publicados durante este ano no contexto do Programa de avaliación do sistema financeiro, ao tempo que valoran de maneira positiva o funcionamento da arquitectura institucional española de reestruturación, detectan a posibilidade de melloras e suxiren que se poña á disposición das autoridades públicas un conxunto de instrumentos de reestruturación e resolución que lles permita afrontar potenciais situacións de crise bancaria.

Xa no ámbito da Unión Europea, déronse pasos decididos para establecer un marco común de resolución de entidades financeiras que amplíe os instrumentos de resolución que teñan as autoridades competentes e que estableza mecanismos de coordinación entre as autoridades dos Estados membros. O carácter global do sistema financeiro e, en particular, da actividade de crédito, así o xustifica.

Con data do 6 de xuño deste ano, a Comisión Europea lanzou unha proposta de directiva pola que se establece un marco para o rescate e a resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento, que contén un amplo catálogo de medidas para adoptar, nunha primeira instancia, para evitar que unha entidade de crédito chegue a unha situación de inviabilidade que poña en risco a estabilidade do sistema financeiro e, nunha segunda instancia, para proceder á resolución ordenada das entidades non viables. Todo iso co obxectivo de minimizar o risco para a estabilidade financeira, e baixo o principio de que son os accionistas e os acredores os que, en primeiro lugar, deben asumir os custos da resolución.

Á hora de elaborar este real decreto lei tivéronse en conta, como non podía ser doutra maneira, todas estas iniciativas, de forma que o seu contido acolle gran parte das recomendacións nelas incluídas e implica unha substancial reforma do esquema español de reestruturación e resolución de entidades de crédito existente até a data.

En todo caso, no momento en que se avancen os traballos desenvolvidos nos foros internacionais e, especialmente, cando no ámbito da Unión Europea se acorde un texto final de directiva sobre rescate e resolución de entidades de crédito, a presente norma será adaptada á nova normativa.

III

A aprobación desta norma enmárcase, por outra parte, no programa de asistencia a España para a recapitalización do sector financeiro, que o noso país acordou no seo do Eurogrupo e que se traduciu, entre outros documentos, na aprobación dun Memorando de entendemento. Con este real decreto lei dáse adecuado cumprimento a aquelas medidas cuxa adopción está prevista para o mes de agosto deste ano.

En primeiro lugar, establécese o réxime de reestruturación e resolución de entidades de crédito, reforzando os poderes de intervención do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria (FROB).

Xunto a isto, inclúense exercicios de subordinación de pasivos con carácter voluntario e obrigatorio para aquelas entidades para as cales se abra un procedemento de reestruturación ou resolución.

Finalmente, prevese a posibilidade de constituír unha sociedade de xestión de activos procedentes da reestruturación bancaria, que se encargue da xestión daqueles activos problemáticos que lle deban ser transferidos polas entidades de crédito.

De maneira adicional, adiantouse neste real decreto lei o cumprimento dalgunhas medidas que o Memorando de entendemento prevé para datas posteriores, o cal obedece a diferentes razóns. En primeiro lugar, a inclusión destas medidas facilita a configuración dun sistema normativo homoxéneo e coherente, considerándose inapropiado, por cuestións sistemáticas, que a súa regulación se faga en instrumentos separados. Por outro lado, a súa entrada en vigor, seguindo os procedementos legislativos ordinarios nos prazos previstos, é igualmente de difícil execución, polo que parece recomendable incluílas nun único real decreto lei en vez de aprobar varios con carácter sucesivo. Finalmente, aínda que as medidas non sexan exixibles até datas posteriores, a inclusión neste real decreto lei permite aos destinatarios comezar a preparar a súa aplicación. De acordo con estes criterios introducíronse, entre outras, as medidas que se citan a continuación.

Modifícase a estrutura organizativa do FROB para evitar conflitos de interese xerados pola participación do sector privado na Comisión Reitora, a través do Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito.

Inclúense medidas para mellorar a protección aos investidores retalistas que subscriben produtos financeiros non cubertos polo Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito.

Por último, modifícanse os requirimentos e a definición de capital principal cos cales deben cumprir os grupos consolidables de entidades de crédito, así como as entidades non integradas nun grupo consolidable, e establécese un único requisito do nove por cento das exposicións ponderadas por risco que deberán cumprir a partir do 1 de xaneiro de 2013.

O conxunto de medidas previsto neste real decreto lei supón un reforzamento extraordinario e sen precedentes dos mecanismos con que contarán as autoridades públicas españolas de cara ao reforzamento e saneamento do noso sistema financeiro, dotándoas de instrumentos eficientes para garantir o correcto funcionamento do sector crediticio.

IV

Sinalado o anterior, resulta conveniente pasar a analizar os aspectos máis novos ou significativos deste real decreto lei, tendo en conta a estruturación por capítulos da norma.

O capítulo I contén disposicións de carácter xeral, unha referencia ao obxecto da norma e unhas definicións dos conceptos máis relevantes que se utilizan no real decreto lei.

En particular, defínese o termo «resolución» debido á novidade que supón a utilización deste concepto no noso ordenamento xurídico, que tradicionalmente optou polo concepto de reestruturación. Introduciuse este novo termo por dous motivos fundamentais. Primeiro, porque a proposta de directiva europea sobre a materia, e os documentos de referencia a nivel internacional, utilizan a expresión «resolución». Segundo, porque o real decreto lei distingue entre procedementos de reestruturación e resolución, referíndose este último aos procesos en que a entidade de crédito non é viable e é necesario proceder á súa extinción ordenada coas maiores garantías para os depositantes e para a estabilidade financeira.

Por outro lado, este capítulo introduce unha serie de obxectivos e principios da reestruturación e resolución ordenada das entidades de crédito que deberán informar todo o proceso, tales como evitar efectos prexudiciais para a estabilidade do sistema financeiro, asegurar a utilización máis eficiente dos recursos públicos, ou garantir que os accionistas e os acredores subordinados sexan os primeiros en asumir perdas tendo en conta a orde de prelación establecida.

O capítulo II está dedicado ao procedemento de actuación temperá, en liña coa proposta de directiva da Comisión Europea que estamos a referir. As entidades que deberán adoptar estas medidas serán aquelas que non cumpren ou é razoable que non cumpran os requisitos de solvencia, pero é previsible que poidan superar esta situación de dificultade polos seus propios medios ou a través dun apoio financeiro excepcional mediante instrumentos convertibles en accións.

Dado que as medidas de actuación temperá se integran con claridade dentro das funcións de supervisión que corresponden ao Banco de España, é esta institución quen ten un protagonismo claro nesta fase inicial e, polo tanto, correspóndelle decidir sobre qué entidades deben adoptar as medidas de intervención temperá, para cuxos efectos se deberá elaborar un plan de actuación que permita paliar a situación de debilidade na solvencia.

Durante esta fase o Banco de España pode exixir a substitución dos membros do Consello de Administración, no caso de que se produza unha deterioración significativa da situación da entidade.

Os capítulos III e IV regulan os procesos de reestruturación e resolución ordenada das entidades de crédito. O criterio fundamental para a aplicación dun ou doutro é o da viabilidade da entidade.

En ambos os procesos, é o FROB o que asume a responsabilidade de determinar os instrumentos idóneos para levalos a cabo de forma ordenada e co menor custo posible para o contribuínte. Isto non significa unha alteración das competencias supervisoras, que seguirán correspondendo ao Banco de España, o cal xustifica a súa intervención nos procedementos de reestruturación e resolución.

Así, o proceso de resolución aplicarase a entidades que non son viables, mentres que o proceso de reestruturación se aplicará a entidades que requiren apoio financeiro público para garantir a súa viabilidade, pero que contan coa capacidade para devolver tal apoio financeiro nos prazos previstos para cada instrumento de apoio no propio real decreto lei.

En ambos os casos prevese a elaboración dun plan, xa sexa de reestruturación ou resolución, que deberá ser aprobado polo Banco de España, así como unha regulación específica dos instrumentos de reestruturación ou resolución que poderán ser aplicados.

En relación cos instrumentos de resolución, tívose de novo en conta a proposta de directiva que sobre a materia presentou a Comisión Europea, que inclúe a venda de negocio da entidade a un terceiro, a transmisión de activos ou pasivos a un banco ponte, ou a transmisión de activos ou pasivos a unha sociedade de xestión de activos. No caso de que se abra o proceso de resolución, ademais, deberase proceder á substitución do órgano de administración.

O capítulo V prevé os instrumentos de apoio financeiro que poderán ser outorgados ás entidades de crédito, incluíndo, entre outros, instrumentos de recapitalización, xa sexa mediante a adquisición de accións ordinarias ou achegas ao capital social ou de instrumentos convertibles nas accións ordinarias ou achegas ao capital social. Este capítulo introduce disposicións sobre o cálculo do valor económico da entidade e sobre o réxime da adquisición polo FROB dos instrumentos de recapitalización.

En todo caso, a aplicación do capítulo V realizarase tendo en conta o principio de minimización dos recursos públicos nos procesos de reestruturación e resolución das entidades de crédito.

O capítulo VI prevé a posibilidade de que o FROB ordene á entidade de crédito correspondente o traspaso dos activos problemáticos a unha sociedade de xestión de activos. Así, o primeiro dos artigos deste capítulo fai referencia á delimitación desta potestade e alude de maneira xenérica ás características básicas que definirán esta sociedade que se constituiría como unha sociedade anónima. Nun artigo posterior fanse algunhas precisións sobre o réxime de transmisión e valoración dos activos que se transfiren e remítese a un desenvolvemento posterior a regulación específica destes aspectos.

A sociedade de xestión de activos constitúese como un instrumento que permitirá a concentración daqueles activos considerados como problemáticos, facilitando a súa xestión.

O capítulo VII introduce disposicións sobre as accións de xestión de instrumentos híbridos de capital e débeda subordinada que aclaran a cuestión de quen debe financiar as medidas de reestruturación e de resolución dunha entidade bancaria. O principio de que se parte é que os accionistas e acredores deben sufragar os gastos da reestruturación ou resolución, antes que os contribuíntes, en virtude dun principio evidente de responsabilidade e de asunción de riscos.

En consonancia, establécense mecanismos voluntarios e obrigatorios de xestión de instrumentos híbridos de capital, que afectarán tanto as participacións preferentes como a débeda subordinada. Corresponde ao FROB acordar a aplicación destas accións e instrumentalas nos termos que permite o real decreto lei, valorando a idoneidade da súa aplicación.

Convén explicitar neste punto que, de acordo co principio de responsabilidade e asunción de riscos, o feito de que unha entidade de crédito poida ter recibido apoio financeiro por razóns de urxencia antes da adopción expresa dunha decisión sobre a súa reestruturación ou resolución, non impedirá que o FROB, posteriormente, impoña accións de xestión de instrumentos híbridos de capital e de débeda subordinada; e o obxectivo destas medidas, como acabamos de referir, será que o custo que asuman os contribuíntes sexa o menor posible.

O capítulo VIII establece o réxime xurídico do FROB. Constitúe unha das novidades máis importantes a este respecto a modificación da composición do órgano de goberno do Fondo. En primeiro lugar, suprimiuse a participación que de acordo coa normativa anterior tiñan as entidades de crédito en representación do Fondo de Garantía de

Depósitos de Entidades de Crédito, ante a posibilidade de que xerese situacións de conflito de interese, e creouse a figura dun director xeral, que desempeñará as competencias de carácter executivo do Fondo. Ademais, introdúcense regras sobre a cooperación e coordinación entre o FROB e outras autoridades competentes, nacionais ou internacionais, en termos similares ás xa existentes para institucións como o Banco de España.

Este capítulo contén igualmente unha referencia ás facultades do FROB nos procesos de resolución, que poden ter carácter mercantil ou administrativo; e faise unha referencia ao carácter executivo das medidas de resolución, que non necesitarán o consentimento da xunta ou asemblea xeral, ou dos accionistas, para a súa aplicación. O interese público presente nos procesos de reestruturación e resolución, que busca salvaguardar a estabilidade do sistema financeiro, xustifica a executividade destas medidas de resolución.

O capítulo IX introduce finalmente disposicións relativas ao réxime procesual de impugnación das decisións que adopte o FROB. Pártese da distinción entre as decisións e acordos adoptados polo FROB no exercicio de facultades mercantís, que se impugnarán de acordo coas normas previstas para a impugnación de acordos sociais coas especificidades previstas neste real decreto lei, e os actos ditados no exercicio das súas facultades administrativas, que serán impugnados en vía contencioso-administrativa coas especialidades previstas neste capítulo.

Finalmente, nas súas disposicións adicionais e derradeiras, o real decreto lei introduce outro tipo de medidas de carácter heteroxéneo, pero tamén de importancia, exixidas polo Memorando de entendemento, para a mellora do funcionamento do mercado financeiro. Así, por un lado prevense medidas de protección do investidor, de maneira que o real decreto lei dá respostas decididas en relación coa comercialización dos instrumentos híbridos e outros produtos complexos para o cliente retailista, entre os cales se inclúen as participacións preferentes, co fin de evitar que se reproduzan prácticas irregulares acontecidas durante os últimos anos.

Ademais, intensifícanse os poderes de control que ten a Comisión Nacional do Mercado de Valores en relación coa comercialización de produtos de investimento por parte das entidades, especialmente en relación cos citados produtos complexos.

Por outro lado, o real decreto lei contribúe a realizar unha clara separación entre as funcións atribuídas ao Banco de España e ao Ministerio de Economía e Competitividade en materia de autorización e sanción das entidades de crédito, transferindo ao Banco de España aquelas funcións que antes correspondían ao Ministerio de Economía e Competitividade.

Outro aspecto de relevancia contido neste real decreto lei é a modificación dos requirimentos de capital principal con que deben cumprir os grupos consolidables de entidades de crédito así como as entidades non integradas nun grupo consolidable que establece o Real decreto lei 2/2011, do 18 de febreiro, para o reforzamento do sistema financeiro. Concretamente, os requisitos actuais do oito por cento con carácter xeral, e do dez por cento para as entidades con difícil acceso aos mercados de capitais e para as que predomine o financiamento grosista, transformáronse nun único requisito do nove por cento que deberán cumprir a partir do 1 de xaneiro de 2013. Non só se modifica o nivel de exixencia de capital principal, senón tamén a súa definición, acompasándoa, tanto nos seus elementos computables como nas súas deducións á utilizada pola Autoridade Bancaria Europea no seu recente exercicio de recapitalización.

V

As notas de extraordinaria e urxente necesidade que deben acompañar á aprobación dun real decreto lei concorren de maneira evidente nesta norma, dado que a través dela se pretende dar cumprimento ás medidas previstas no Memorando de entendemento que forma parte do plan de asistencia financeira solicitado polo noso país e que, en gran medida, deben ser aprobadas a finais do mes de agosto deste ano. De acordo con este documento, as medidas que fundamentalmente recolle este real decreto lei deberán ser aprobadas a finais do mes de agosto deste ano.

Tendo en conta que o memorando se acordou a finais do pasado mes xullo e dada a complexidade das normas que hai que adoptar, resulta claro que de se seguir o procedemento ordinario de aprobación de normas de rango legal, mesmo utilizándose o trámite de urxencia, non se poderían aprobar as medidas contidas neste real decreto lei segundo o calendario previsto, de forma que se tería producido un incumprimento das obrigacións asumidas no memorando.

Por outro lado, a situación de dificultade do sector financeiro en que nos encontramos exige que os poderes públicos poidan dispor canto antes de todos aqueles instrumentos precisos para completar o proceso de reestruturación ordenada do sector bancario que se está a levar a cabo en España, salvaguardando do mellor modo os intereses xerais.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta do ministro de Economía e Competitividade e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 31 de agosto de 2012,

DISPOÑO:

Capítulo I. Disposicións xerais.

- Artigo 1. Obxecto.
- Artigo 2. Definicións
- Artigo 3. Obxectivos da reestruturación e resolución.
- Artigo 4. Principios da reestruturación e resolución.
- Artigo 5. Valoración.

Capítulo II. Actuación temperá.

- Artigo 6. Condicións para a actuación temperá.
- Artigo 7. Plan de actuación.
- Artigo 8. Contido do plan de actuación.
- Artigo 9. Medidas de actuación temperá.
- Artigo 10. Substitución provisional do órgano de administración como medida de actuación temperá.
- Artigo 11. Seguimento do plan de actuación e información ao Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria.
- Artigo 12. Finalización da situación de actuación temperá.

Capítulo III. Reestruturación.

- Artigo 13. Condicións para a reestruturación.
- Artigo 14. Plan de reestruturación.
- Artigo 15. Instrumentos de reestruturación.
- Artigo 16. Contido do plan de reestruturación.
- Artigo 17. Seguimento do plan de reestruturación e información ao Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria.
- Artigo 18. Finalización do proceso de reestruturación.

Capítulo IV. Resolución.

Sección 1.^a Presupostos de resolución.

- Artigo 19. Condicións para a resolución.
- Artigo 20. Concepto de entidade inviable.

Sección 2.^a Procedemento de resolución.

- Artigo 21. Apertura do proceso de resolución.
- Artigo 22. Substitución do órgano de administración como medida de resolución.

- Artigo 23. Plan de resolución.
Artigo 24. Medidas preliminares
- Sección 3.^a Instrumentos específicos de resolución.
- Artigo 25. Instrumentos de resolución.
Artigo 26. Venda do negocio da entidade.
Artigo 27. Banco ponte.
- Capítulo V. Instrumentos de apoio financeiro.
- Artigo 28. Instrumentos de apoio financeiro.
Artigo 29. Instrumentos de recapitalización.
Artigo 30. Valor económico da entidade e pagamento dos instrumentos de recapitalización.
Artigo 31. Accións ordinarias ou achegas ao capital social.
Artigo 32. Instrumentos convertibles en accións ordinarias ou achegas ao capital social.
Artigo 33. Réxime especial da subscrición ou adquisición por parte do FROB dos instrumentos de recapitalización.
Artigo 34. Conversión e desinvestimento dos instrumentos convertibles en accións ordinarias ou achegas ao capital social.
- Capítulo VI. Sociedade de xestión de activos.
- Artigo 35. Sociedade de xestión de activos.
Artigo 36. Réxime da transmisión de activos.
- Capítulo VII. Xestión de instrumentos híbridos.
- Sección 1.^a Accións de xestión de instrumentos híbridos de capital e de débeda subordinada.
- Artigo 37. Accións de xestión de instrumentos híbridos de capital e de débeda subordinada.
Artigo 38. Tipos de accións de xestión de instrumentos híbridos de capital e de débeda subordinada.
Artigo 39. Valor de mercado.
Artigo 40. Publicidade das accións de xestión de instrumentos híbridos de capital e de débeda subordinada.
- Sección 2.^a Accións de xestión de instrumentos híbridos de capital e de débeda subordinada polo Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria.
- Artigo 41. Xestión de instrumentos híbridos de capital e de débeda subordinada polo Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria.
Artigo 42. Contido das accións de xestión de instrumentos híbridos de capital e de débeda subordinada que acorde o FROB.
Artigo 43. Criterios de valoración.
Artigo 44. Aprobación da acción de xestión de instrumentos híbridos de capital e de débeda subordinada.
Artigo 45. Publicidade e data de efectos do acordo do FROB.
Artigo 46. Modificación dunha acción de xestión de instrumentos híbridos de capital e de débeda subordinada.
Artigo 47. Dereitos dos investidores afectados por unha acción de xestión de instrumentos híbridos de capital e de débeda subordinada.
Artigo 48. Dereitos de terceiros.
Artigo 49. Réxime sancionador.

Capítulo VIII. Fondo de Reestructuración Ordenada Bancaria.

Sección 1.^a Natureza e réxime xurídico.

- Artigo 50. Fondo de Reestructuración Ordenada Bancaria.
- Artigo 51. Financiamento.
- Artigo 52. Goberno do Fondo de Reestructuración Ordenada Bancaria.
- Artigo 53. Director xeral do Fondo de Reestructuración Ordenada Bancaria.
- Artigo 54. Control parlamentario.
- Artigo 55. Cooperación e coordinación con outras autoridades competentes nacionais.
- Artigo 56. Cooperación e coordinación con outras autoridades competentes internacionais.
- Artigo 57. Deber de segredo.
- Artigo 58. Aplicación da normativa de competencia.
- Artigo 59. Adopción de recomendacións internacionais.

Sección 2.^a Facultades do Fondo de Reestructuración Ordenada Bancaria.

- Artigo 60. Facultades do Fondo de Reestructuración Ordenada Bancaria.
- Artigo 61. Facultades mercantís.
- Artigo 62. Facultades administrativas xerais.
- Artigo 63. Carácter executivo das medidas.
- Artigo 64. Outras condicións aplicables.
- Artigo 65. Condicións aplicables ás operacións financeiras e acordos de compensación contractual.
- Artigo 66. Medidas de urxencia.
- Artigo 67. Publicidade.
- Artigo 68. Facultades de suspensión de contratos e garantías.

Capítulo IX. Réxime procesual.

- Artigo 69. Recurso contra as decisións e acordos do Fondo de Reestructuración Ordenada Bancaria adoptadas consonte o artigo 61.
- Artigo 70. Especialidades do recurso contra as decisións e actos administrativos ditados no marco de procesos de actuación temperá, reestructuración e resolución.
- Artigo 71. Especialidades do recurso contra as decisións e actos administrativos ditados en materia de xestión de instrumentos híbridos de capital e de débeda subordinada.
- Artigo 72. Imposibilidade de execución de sentenza ditada nos recursos contencioso-administrativos a que se refiren os artigos 70 e 71.

Disposición adicional primeira. Dotación do FROB.

Disposición adicional segunda. Ingresos anticipados do Fondo de Reestructuración Ordenada Bancaria ao Tesouro Público.

Disposición adicional terceira. Constitución e réxime das actuacións da Intervención Delegada da Intervención Xeral da Administración do Estado no FROB.

Disposición adicional cuarta. Beneficios fiscais no imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados para operacións do FROB.

Disposición adicional quinta. Efectos dos procesos de actuación temperá, de reestructuración e de resolución sobre a continuidade das actividades das entidades de crédito.

Disposición adicional sexta. Réxime xurídico do outorgamento de avais en garantía das obrigacións económicas exhibibles ao Fondo de Reestructuración Ordenada Bancaria.

Disposición adicional sétima. Creación da Sociedade de Activos Procedentes da Reestructuración Bancaria.

Disposición adicional oitava. Activos que se transmitirán á Sociedade de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria.

Disposición adicional novena. Entidades obrigadas a transmitir activos á Sociedade de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria.

Disposición adicional décima. Patrimonios separados.

Disposición adicional décimo primeira. Consecuencias das perdas en que incorran as entidades de crédito controladas polo FROB en relación co seu patrimonio neto.

Disposición adicional décimo segunda. Contratación polo trámite de emerxencia no FROB.

Disposición adicional décimo terceira. Comercialización a retailistas de participacións preferentes, instrumentos de débeda convertibles e financiamentos subordinados computables como recursos propios.

Disposición adicional décimo cuarta. Referencias ao Real decreto lei 9/2009, do 26 de xuño, sobre reestruturación bancaria e reforzamento dos recursos propios das entidades de crédito.

Disposición transitoria primeira. Procesos de reestruturación en curso.

Disposición transitoria segunda. Procedementos sancionadores e de autorización en curso.

Disposición transitoria terceira. Apoios financeiros recibidos.

Disposición transitoria cuarta. Plan xeral de viabilidade.

Disposición transitoria quinta. Réxime de achega de activos do Real decreto lei 18/2012, do 11 de maio, sobre saneamento e venda dos activos inmobiliarios do sector financeiro.

Disposición transitoria sexta. Requirimentos de capital principal até o 31 de decembro de 2012.

Disposición derogatoria única. Derogación normativa.

Disposición derradeira primeira. Modificación da Lei 13/1985, do 25 de maio, de coeficientes de investimento, recursos propios e obrigas de información dos intermediarios financeiros.

Disposición derradeira segunda. Modificación do Real decreto lexislativo 1298/1986, do 28 de xuño, sobre adaptación do dereito vixente en materia de entidades de crédito ao das comunidades europeas.

Disposición derradeira terceira. Modificación da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

Disposición derradeira cuarta. Modificación da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito.

Disposición derradeira quinta. Modificación da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Disposición derradeira sexta. Modificación da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.

Disposición derradeira sétima. Modificación do Real decreto lei 2/2011, do 18 de febreiro, para o reforzamento do sistema financeiro.

Disposición derradeira oitava. Modificación do Real decreto lei 16/2011, do 14 de outubro, polo que se crea o Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito.

Disposición derradeira novena. Modificación do Real decreto lei 2/2012, do 3 de febreiro, de saneamento do sector financeiro.

Disposición derradeira décima. Modificación da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012.

Disposición derradeira décimo primeira. Modificación do Real decreto lei 21/2012, do 13 de xullo, de medidas de liquidez das administracións públicas e no ámbito financeiro.

Disposición derradeira décimo segunda. Réxime xurídico aplicable ás garantías constituídas a favor do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria e do Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito.

Disposición derradeira décimo terceira. Títulos competenciais.

Disposición derradeira décimo cuarta. Facultade de desenvolvemento.

Disposición derradeira décimo quinta. Finalización da vixencia do capítulo VII.
Disposición derradeira décimo sexta. Entrada en vigor.

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto lei ten por obxecto regular os procesos de actuación temperá, reestruturación e resolución de entidades de crédito, así como establecer o réxime xurídico do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria, en diante «o FROB» ou «o Fondo», e o seu marco xeral de actuación, coa finalidade de protexer a estabilidade do sistema financeiro minimizando o uso de recursos públicos.

Artigo 2. *Definicións.*

1. Para os efectos deste real decreto lei enténdese por:

a) Actuación temperá: o procedemento aplicable a unha entidade de crédito cando, de conformidade co previsto no capítulo II, incumpra ou existan elementos obxectivos conforme os que resulte razoablemente previsible que non poida cumprir cos requirimentos de solvencia, liquidez, estrutura organizativa ou control interno, pero estea en disposición de retornar ao cumprimento polos seus propios medios, sen prexuízo do apoio financeiro público excepcional e limitado previsto no artigo 9.f).

b) Reestruturación: o procedemento aplicable a unha entidade de crédito cando, de conformidade co previsto no capítulo III, requira apoio financeiro público para garantir a súa viabilidade e resulte previsible que tal apoio será reembolsado ou recuperado de acordo co previsto no capítulo V, ou cando non se poida levar a cabo a súa resolución sen efectos gravemente prexudiciais para a estabilidade do sistema financeiro.

c) Resolución: o procedemento aplicable a unha entidade de crédito cando, de conformidade co previsto no capítulo IV, esta sexa inviable ou sexa previsible que o vaia ser nun futuro próximo, e por razóns de interese público e estabilidade financeira resulte necesario evitar a súa liquidación concursal.

2. Estes procedementos terán como fin garantir a continuidade das funcións esenciais da entidade, preservar a estabilidade financeira e asegurar a súa viabilidade a longo prazo de acordo cos principios e obxectivos previstos nos artigos 3 e 4.

Artigo 3. *Obxectivos da reestruturación e resolución.*

Os procesos de reestruturación ou de resolución de entidades de crédito perseguirán os seguintes obxectivos, ponderados de forma equivalente e segundo as circunstancias presentes en cada caso:

a) Asegurar a continuidade daquelas actividades, servizos e operacións cuxa interrupción podería perturbar a economía ou o sistema financeiro e, en particular, os servizos financeiros de importancia sistémica e os sistemas de pagamento, compensación e liquidación.

b) Evitar efectos prexudiciais para a estabilidade do sistema financeiro, previndo o contaxio das dificultades dunha entidade ao conxunto do sistema e mantendo a disciplina de mercado.

c) Asegurar a utilización máis eficiente dos recursos públicos, minimizando os apoios financeiros públicos que, con carácter extraordinario, poida ser necesario conceder.

d) Protexer os depositantes cuxos fondos están garantidos polo Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito.

e) Protexer os fondos reembolsables e demais activos dos clientes das entidades de crédito.

Artigo 4. *Principios da reestruturación e resolución.*

1. Os procesos de reestruturación e resolución estarán baseados, na medida necesaria para asegurar o cumprimento dos obxectivos recollidos no artigo anterior, nos seguintes principios:

a) Os accionistas, cotapartícipes ou socios, segundo corresponda, das entidades serán os primeiros en soportar perdas.

b) Os acredores subordinados das entidades soportarán, de ser o caso, perdas derivadas da reestruturación ou da resolución despois dos accionistas, cotapartícipes ou socios e de acordo coa orde de prelación establecida na lexislación concursal, coas excepcións establecidas neste real decreto lei.

c) Os acredores do mesmo rango serán tratados de maneira equivalente salvo cando neste real decreto lei se dispoña o contrario.

d) Ningún acredor soportará perdas superiores ás que tería soportado se a entidade for liquidada no marco dun procedemento concursal.

e) En caso de resolución dunha entidade, de conformidade co establecido no artigo 22, os administradores serán substituídos.

f) En aplicación do disposto na lexislación concursal, mercantil e penal, os administradores das entidades responderán dos danos e perdas causados en proporción á súa participación e á gravidade daqueles.

2. Co obxecto da aplicación dos principios mencionados no número anterior, e para efectos de determinar a repartición adecuada dos custos de reestruturación ou resolución a que se refire o capítulo VII, o FROB non se considerará en ningún caso incluído entre os accionistas, cotapartícipes, socios ou acredores a que se refire o número anterior.

Artigo 5. *Valoración.*

1. Con carácter previo á adopción de calquera medida de reestruturación ou de resolución e, en particular, para efectos da aplicación dos instrumentos previstos neste real decreto lei, o FROB determinará o valor económico da entidade ou dos correspondentes activos e pasivos sobre a base dos informes de valoración encargados a un ou varios expertos independentes.

2. O obxectivo da valoración será determinar o valor económico da entidade ou dos correspondentes activos e pasivos de maneira que se poidan recoñecer as perdas que poidan derivar da aplicación dos instrumentos que se vaian utilizar. Esta valoración servirá de base sempre que se conceda apoio financeiro público a unha entidade.

3. A valoración suxeitarase ao procedemento e realizarase de conformidade cos criterios que determine con carácter xeral o FROB, mediante acordo da súa Comisión Reitora, seguindo metodoloxías comunmente aceptadas. A valoración tomará como base as proxeccións económico-financieras da entidade, coas modificacións e axustes que consideren procedentes os expertos designados polo FROB, e deberá ter en conta as circunstancias existentes no momento de aplicación dos instrumentos que se vaian utilizar e a necesidade de preservar a estabilidade financeira. En ningún caso se terán en conta para a determinación do valor económico da entidade os apoios financeiros públicos recibidos ou que se vaian recibir do FROB no marco dun proceso de reestruturación ou de resolución, e que este desembolsase en virtude de calquera tipo de asistencia financeira a unha entidade.

4. O FROB solicitará informe previo ao Banco de España sobre o procedemento e os criterios de valoración a que se refire o número anterior.

5. Para os efectos que corresponda conforme a normativa tributaria, entenderase por valor de mercado o valor económico a que se refire este artigo.

CAPÍTULO II

Actuación temperá

Artigo 6. *Condicións para a actuación temperá.*

1. Cando unha entidade de crédito, ou un grupo ou subgrupo consolidable de entidades de crédito, incumpra ou existan elementos obxectivos conforme os que resulte razoablemente previsible que non poida cumprir cos requirimentos de solvencia, liquidez, estrutura organizativa ou control interno, pero se encontre en disposición de retornar ao cumprimento polos seus propios medios, sen prexuízo do apoio financeiro público excepcional previsto no artigo 9.f), o Banco de España poderá adoptar todas ou algunhas das medidas establecidas neste capítulo.

Regulamentariamente, poderanse precisar os indicadores obxectivos que se deberán empregar para determinar a presenza das condicións previstas no parágrafo anterior.

2. As medidas contidas neste capítulo serán compatibles coas previstas na normativa vixente en materia de ordenación e disciplina. Non obstante, non procederá a revogación da autorización dunha entidade de crédito, desde o momento en que aquela presentase un plan de actuación, salvo que esa revogación tivese carácter sancionador.

Artigo 7. *Plan de actuación.*

1. Cando unha entidade de crédito ou un grupo ou subgrupo consolidable de entidades de crédito se encontre nalgunha das circunstancias descritas no artigo anterior, a entidade, ou a entidade obrigada do grupo ou subgrupo consolidable, informará diso con carácter inmediato o Banco de España.

No prazo de quince días desde a notificación anterior, a entidade presentará ao Banco de España un plan de actuación en que se concreten as accións previstas para asegurar a viabilidade a longo prazo da entidade, grupo ou subgrupo consolidable sen necesidade de apoios financeiros públicos. O plan deberá detallar, así mesmo, o prazo previsto para a súa execución, que non poderá exceder os tres meses, contados desde a súa aprobación, salvo autorización expresa do Banco de España.

2. Sen prexuízo do disposto no número anterior, cando o Banco de España teña coñecemento de que unha entidade de crédito ou un grupo ou subgrupo consolidable de entidades de crédito se encontra nalgunha das circunstancias descritas no artigo anterior, requirirá o órgano de administración da entidade para que examine a situación e lle presente, no prazo de quince días, o plan de actuación.

3. O plan de actuación someterase á aprobación do Banco de España, o cal poderá requirir as modificacións ou medidas adicionais que considere necesarias para garantir a superación da situación de deterioración a que se enfrenta a entidade. A aprobación do plan exixirá informe favorable do FROB, en caso de que a entidade solicite apoio financeiro público, o cal deberá ser emitido no prazo improrrogable de dez días. O prazo para a aprobación definitiva do plan de actuación será dun mes contado desde a súa presentación pola entidade.

Artigo 8. *Contido do plan de actuación.*

1. O plan de actuación deberá incluír, ademais dunha análise da situación da entidade, un plan de negocio que, de maneira proporcional e adecuada ás concretas circunstancias daquela, inclúa polo menos os seguintes puntos:

- a) Obxectivos específicos relativos á eficiencia, rendibilidade, niveis de apancamento e liquidez da entidade, grupo ou subgrupo consolidable.
- b) Compromisos específicos en materia de solvencia.
- c) Compromisos específicos de mellora da súa eficiencia, racionalización da súa administración e xerencia, mellora do seu goberno corporativo, redución de custos de estrutura e redimensionamento da súa capacidade produtiva.

d) No caso de que a entidade solicite apoio financeiro público, os termos en que este se vai prestar, de conformidade co previsto no artigo 9 f), e as medidas que se teñan que implementar para minimizar o uso de recursos públicos.

2. O Banco de España poderá, mediante circular, aprobar regras e principios xerais concretando os obxectivos e compromisos a que se refire o número anterior.

3. Se, como consecuencia da evolución da situación económico-financiera da entidade ou do desenvolvemento das condicións dos mercados, se advirte que o plan de actuación non se pode cumprir nos termos en que foi aprobado, a entidade poderá solicitar ao Banco de España unha modificación dos ditos termos.

A modificación do plan de actuacións deberá contar co informe previo do FROB, se este foi designado administrador provisional da entidade, conforme o disposto no artigo 10, ou en caso de que a entidade solicitase apoio financeiro público.

Artigo 9. *Medidas de actuación temperá.*

Desde o momento en que o Banco de España teña coñecemento de que unha entidade de crédito ou un grupo ou subgrupo consolidable de entidades de crédito se encontra nalgunha das situacións descritas no artigo 6.1, poderá adoptar as seguintes medidas:

a) Requerir o órgano de administración da entidade para que convoque, ou ben convocar directamente se o órgano de administración non o fai no prazo requirido, a xunta ou asemblea xeral da entidade, así como propor a orde do día e a adopción de determinados acordos.

b) Requerir o cesamento e a substitución de membros dos órganos de administración ou directores xerais e asimilados.

c) Requerir a elaboración dun programa para a renegociación ou reestruturación da súa débeda co conxunto ou parte dos seus acredores.

d) Sen prexuízo do previsto na letra seguinte, adoptar calquera das medidas establecidas na normativa vixente en materia de ordenación e disciplina.

e) En caso de que as medidas anteriores non sexan suficientes, acordar a substitución provisional do órgano de administración da entidade conforme o previsto no artigo seguinte.

f) Con carácter excepcional, e cumprindo para o efecto coa normativa española e da Unión Europea en materia de competencia e axudas de Estado e tratando de minimizar o uso de recursos públicos, requirir medidas de recapitalización das previstas no artigo 32, nas cales o prazo de recompra ou amortización dos instrumentos convertibles en accións non exceda os dous anos, caso en que o plan de actuación requirirá informe favorable do FROB e quedará sometido ao previsto nos capítulos I, V e sección 2.^a do capítulo VIII. Esta medida só resultará aplicable cando existan elementos obxectivos que fagan razoablemente previsible que a entidade vaia estar en condicións de comprar ou amortizar os instrumentos convertibles nos termos comprometidos e, en todo caso, no citado prazo máximo de dous anos. Calquera outra medida de recapitalización requirida pola entidade que non poida cumprir cos anteriores requirimentos, só poderá ser prestada dentro dun proceso de reestruturación ou de resolución dos previstos nos capítulos III e IV.

Artigo 10. *Substitución provisional do órgano de administración como medida de actuación temperá.*

1. O Banco de España poderá acordar a substitución provisional do órgano de administración, de conformidade co procedemento establecido no título III da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito, e coas especialidades previstas neste capítulo.

2. A substitución provisional acordada ao abeiro deste artigo manterase en vigor durante o prazo dun ano. Non obstante, este prazo poderase renovar por períodos iguais mentres se leven a cabo as operacións en que se concrete o plan de actuación.

Artigo 11. *Seguimento do plan de actuación e información ao Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria.*

1. Con periodicidade trimestral, a entidade remitirá ao Banco de España un informe sobre o grao de cumprimento das medidas previstas no plan de actuación. O Banco de España dará traslado do informe ao FROB.

2. Co obxecto de que o FROB exerza as competencias previstas neste real decreto lei, o Banco de España informarao:

a) Cando unha entidade de crédito ou un grupo ou subgrupo consolidable de entidades de crédito se encontre ou existan elementos obxectivos conforme os que resulte razoablemente previsible que se vaia encontrar nalgunha das circunstancias descritas no artigo 6.1.

b) Da aprobación definitiva do plan de actuación, incluíndo, de ser o caso, as modificacións ou medidas adicionais requiridas polo Banco de España.

c) Trimestralmente, do grao de cumprimento do plan de actuación e da situación de liquidez da entidade.

d) Da finalización da situación de actuación temperá.

3. O Banco de España poderá requirir a adopción das medidas necesarias para asegurar o cumprimento do plan de actuación.

4. Procederá a apertura do proceso de reestruturación ou de resolución cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

a) Se finalmente non for posible superar a situación de deterioración da entidade e se presente algunha das circunstancias conforme as cales proceda a súa reestruturación ou resolución.

b) No prazo a que se refire o artigo 7.2, a entidade non presente o plan de actuación exixido ou manifeste ao Banco de España a imposibilidade de encontrar unha solución viable para a súa situación.

c) O plan presentado non for viable ou se revele insuficiente, a xuízo do Banco de España, para superar a situación de debilidade a que se enfrenta a entidade, ou esta non acepte as modificacións ou medidas adicionais requiridas polo Banco de España.

d) A entidade incumpre gravemente o prazo de execución ou as medidas concretas previstas no plan de actuación ou calquera das medidas de intervención impostas polo Banco de España, de modo que se poña en perigo a consecución dos obxectivos da actuación temperá.

5. Desde a aprobación do plan de actuación, o FROB poderá requirir ao Banco de España toda a información relacionada coa entidade ou co seu grupo ou subgrupo consolidable que sexa necesaria para preparar unha eventual reestruturación ou resolución.

O FROB poderá, así mesmo, realizar durante esta fase de actuación temperá as actuacións necesarias para determinar o valor económico da entidade para efectos do disposto nos artigos 5 e 30.

Artigo 12. *Finalización da situación de actuación temperá.*

Cando a entidade de crédito deixe de encontrarse nas circunstancias descritas no artigo 6.1, o Banco de España declarará finalizada a situación de actuación temperá.

CAPÍTULO III

Reestruturación

Artigo 13. *Condicións para a reestruturación.*

Procederá a reestruturación dunha entidade de crédito cando esta requira apoio financeiro público para garantir a súa viabilidade e existan elementos obxectivos que

fagan razoablemente previsible que ese apoio será reembolsado ou recuperado nos prazos previstos para cada instrumento no capítulo V. Así mesmo, poderase prever a reestruturación dunha entidade de crédito sen a presenza dos elementos obxectivos anteriores, cando a resolución da entidade produciría efectos gravemente prexudiciais para a estabilidade do sistema financeiro no seu conxunto, de modo que resulta preferible a súa reestruturación para efectos de minimizar o uso de recursos públicos.

A gravidade dos efectos prexudiciais a que se refire o parágrafo anterior será determinada polo Banco de España en función de criterios como o volume das actividades, servizos e operacións que a entidade presta sobre o conxunto do sistema financeiro, a súa interconexión co resto de entidades ou as posibilidades de contaxio das súas dificultades ao conxunto do sistema financeiro en caso de resolución.

Artigo 14. *Plan de reestruturación.*

1. Cando unha entidade se encontre nalgunha das circunstancias descritas no artigo anterior, informará diso o FROB e o Banco de España con carácter inmediato e, nun prazo de quince días contado desde a citada notificación, presentaralles un plan de reestruturación en que se concreten as medidas previstas para asegurar a viabilidade a longo prazo da entidade. O plan deberá detallar, así mesmo, o prazo previsto para a súa execución, que non poderá exceder os tres meses desde a súa aprobación, salvo autorización expresa do FROB.

2. Sen prexuízo do disposto no número anterior, cando o Banco de España teña coñecemento de que unha entidade se encontra nalgunha das circunstancias descritas no artigo anterior, requirirá ao órgano de administración da entidade que examine a situación e presente, no prazo de quince días, o plan de reestruturación.

3. O FROB, antes de acordar a elevación do plan de reestruturación ao Banco de España para a súa aprobación, poderá requirir as modificacións do plan presentado ou as medidas adicionais que considere necesarias para garantir a superación da situación de deterioración a que se enfronta a entidade e asegurar os obxectivos e principios sinalados nos artigos 3 e 4.

4. O plan de reestruturación será sometido á aprobación do Banco de España, que o valorará no marco das súas competencias como autoridade responsable da supervisión da solvencia, actuación e cumprimento da normativa específica das entidades de crédito e das súas competencias en relación coa promoción do bo funcionamento e estabilidade do sistema financeiro e os sistemas de pagamentos. O prazo para a aprobación do plan de reestruturación será dun mes contado desde a súa presentación pola entidade.

5. Con carácter previo á aprobación do correspondente plan de reestruturación, o Banco de España solicitará informe aos órganos competentes das comunidades autónomas en que teñan o seu domicilio as caixas de aforro e, de ser o caso, as cooperativas de crédito involucradas, que deberá ser remitido no prazo de dez días.

6. A aprobación polo Banco de España do plan de reestruturación determinará que as concretas operacións mediante as cales se instrumente a reestruturación, incluídas as eventuais adquisicións de participacións significativas e as modificacións estatutarias que, de ser o caso, se produzan como consecuencia desas operacións, non requiran ningunha autorización administrativa ulterior no ámbito da normativa das entidades de crédito.

7. Así mesmo, o FROB elevará ao ministro de Facenda e Administracións Públicas e ao ministro de Economía e Competitividade unha memoria económica en que se detalle o impacto financeiro do plan de reestruturación presentado sobre os fondos achegados con cargo aos orzamentos xerais do Estado. Sobre a base dos informes emitidos pola Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira e pola Intervención Xeral da Administración do Estado, o ministro de Facenda e Administracións Públicas poderase opor, motivadamente, no prazo de cinco días hábiles desde que lle sexa elevada esa memoria.

Artigo 15. *Instrumentos de reestruturación.*

1. Os instrumentos de reestruturación son:
 - a) O apoio financeiro nos termos previstos no capítulo V.
 - b) A transmisión de activos ou pasivos a unha sociedade de xestión de activos.
2. O FROB poderá adoptar os instrumentos anteriores individual ou conxuntamente.

Artigo 16. *Contido do plan de reestruturación.*

O contido do plan de reestruturación incluírá, ademais dos elementos previstos no artigo 8 para os plans de actuación, os instrumentos de reestruturación que se vaian implementar dos previstos no artigo anterior. Ademais, incluírá unha análise da situación da entidade conforme a que se xustifique, ben a súa capacidade para que o apoio financeiro público solicitado poida ser recuperado ou reembolsado no prazo previsto para cada instrumento ben, en caso contrario, os efectos gravemente prexudiciais para a estabilidade do sistema financeiro que xeraría a súa resolución. Así mesmo, deberá recoller as medidas que se teñan que implementar para minimizar o uso de recursos públicos e, en particular, as accións de xestión dos instrumentos híbridos de capital e de débeda subordinada que se vaian realizar, para asegurar unha adecuada repartición dos custos de reestruturación da entidade conforme os obxectivos e principios establecidos nos artigos 3 e 4.

O plan de reestruturación deberá conter unha mención ao prazo de reembolso ou recuperación do apoio financeiro que, de ser o caso, se proporcionase.

O FROB poderá incluír, por proposta do Banco de España, calquera medida de actuación temperá, nos plans de reestruturación.

Artigo 17. *Seguimento do plan de reestruturación e información ao Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria.*

1. Con periodicidade trimestral, a entidade remitirá ao FROB e ao Banco de España un informe sobre o grao de cumprimento das medidas recollidas no plan de reestruturación e da súa situación de liquidez.

2. Co obxecto de que o FROB exerza as competencias previstas neste real decreto lei, o Banco de España informarao:

a) Cando teña coñecemento ou existan elementos obxectivos conforme os que resulte razoablemente previsible que unha entidade de crédito non vaia efectuar o reembolso dos apoios financeiros públicos dentro dos prazos previstos ou vaia incumprir calquera outra medida de reestruturación.

b) Da aprobación definitiva do plan de reestruturación.

c) Da finalización da situación de reestruturación.

3. O Banco de España ou o FROB poderán requirir a adopción das medidas necesarias para asegurar o cumprimento do plan de reestruturación e, en todo caso, exercer as potestades do artigo 9, e se finalmente non for posible superar a situación de deterioración da entidade ou o apoio financeiro público non for reembolsado ou recuperado nos termos comprometidos ou se, a xuízo do Banco de España, os efectos prexudiciais para a estabilidade do sistema financeiro que impedían a resolución resultaren xa insuficientes, o Banco de España procederá á apertura do proceso de resolución da entidade de conformidade co previsto no capítulo IV.

4. Durante todo o proceso de reestruturación, o FROB poderá requirir á entidade toda a información, relacionada coa entidade ou co seu grupo ou subgrupo consolidable, necesaria para preparar unha eventual resolución.

Artigo 18. *Finalización do proceso de reestruturación.*

Cando a entidade de crédito deixe de encontrarse nas circunstancias descritas no artigo 13, o Banco de España declarará finalizado o proceso de reestruturación.

CAPÍTULO IV

Resolución

Sección 1.ª Presupostos de resolución

Artigo 19. *Condições para a resolución.*

1. Sen prexuízo do disposto nos artigos 11.4 e 17.3, procederá a resolución dunha entidade de crédito cando concorran asemade sobre ela as dúas circunstancias seguintes:

- a) A entidade é inviable ou é razoablemente previsible que o vaia ser nun futuro próximo.
- b) Por razóns de interese público, resulta necesario ou conveniente acometer a resolución da entidade para alcanzar algún dos obxectivos mencionados no artigo 3, por canto a disolución e liquidación da entidade no marco dun procedemento concursal non permitiría razoablemente alcanzar tales obxectivos na mesma medida.

2. Así mesmo, procederá a resolución dunha entidade de crédito cando, ademais da circunstancia prevista na letra b) do número anterior, concorra algunha outra das seguintes:

- a) No prazo do artigo 14.2, a entidade non presente o plan de reestruturación exixido ou manifestase ao Banco de España a imposibilidade de encontrar unha solución viable para a súa situación.
- b) O plan presentado non for adecuado, a xuízo do Banco de España, nos termos previstos no artigo 14, ou a entidade non acepte as modificacións ou medidas adicionais requiridas.
- c) A entidade incumpra o prazo de execución ou calquera das medidas concretas recollidas no plan de reestruturación, de modo que se poña en perigo a consecución dos obxectivos da reestruturación.

Artigo 20. *Concepto de entidade inviable.*

1. Entenderase que unha entidade de crédito é inviable:

- a) Se a entidade se encontra nalgunha das seguintes circunstancias:
 - i) A entidade incumpre de maneira significativa ou é razoablemente previsible que incumpra de maneira significativa nun futuro próximo os requirimentos de solvencia; ou,
 - ii) Os pasivos exixibles da entidade son superiores aos seus activos ou é razoablemente previsible que o sexan nun futuro próximo; ou,
 - iii) A entidade non pode ou é razoablemente previsible que nun futuro próximo non poida cumprir puntualmente as súas obrigacións exixibles.
- b) E se non é razoablemente previsible que a entidade poida reconducir a situación nun prazo de tempo razoable polos seus propios medios, acudindo aos mercados ou mediante os apoios financeiros a que se refire o capítulo V.

Para os efectos de considerar que unha entidade de crédito é inviable ou é razoablemente previsible que o vaia ser nun futuro próximo, terase en conta igualmente a situación financeira do grupo de que, de ser o caso, forme parte.

2. Os criterios previstos no número anterior serán desenvolvidos regulamentariamente.

Sección 2.^a Procedemento de resolución

Artigo 21. *Apertura do proceso de resolución.*

Cando unha entidade resulte inviable conforme o previsto no artigo anterior e non resulte procedente a reestruturación, o Banco de España, de oficio ou por proposta do FROB, acordará a apertura inmediata do proceso de resolución, dando conta motivada da súa decisión ao ministro de Economía e Competitividade e ao FROB. Así mesmo, o Banco de España informará sen demora a entidade e, de ser o caso, a autoridade da Unión Europea responsable da supervisión do grupo eventualmente afectado e a Autoridade Bancaria Europea, da decisión adoptada.

Artigo 22. *Substitución do órgano de administración como medida de resolución.*

1. Tras a apertura do proceso de resolución conforme o previsto no artigo anterior, e sempre e cando o FROB non posúa unha participación que lle outorgue o control do órgano de administración da entidade, o Banco de España acordará a substitución do órgano de administración da entidade ao abeiro do establecido na Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito, coas especialidades previstas neste real decreto lei, e designará o FROB como administrador da entidade que, pola súa vez, nomeará a persoa ou persoas físicas ou xurídicas que, no seu nome, exercerán as funcións e facultades propias desa condición.

2. A medida anterior manterase en vigor até que se complete o proceso de resolución.

3. Na súa condición de administrador da entidade, o FROB terá como obxectivo promover as solucións e adoptar as medidas necesarias para velar polos intereses da entidade e resolver a situación en que se encontra, de conformidade cos obxectivos e principios previstos nos artigos 3 e 4.

Artigo 23. *Plan de resolución.*

1. No prazo de dous meses desde a súa designación como administrador ou, no caso de que posúa unha participación que lle outorgue o control do órgano de administración da entidade, desde que se lle comunique a apertura do proceso de resolución, o FROB elaborará un plan de resolución para a entidade ou, de ser o caso, determinará a procedencia da apertura dun procedemento concursal. Neste último caso, o FROB comunicarálle inmediatamente ao Banco de España, ao ministro de Economía e Competitividade e ao Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito.

Por petición razoada do FROB, o Banco de España poderá ampliar o citado prazo de dous meses até un máximo de seis.

2. O plan de resolución deberá recoller, polo menos, o seguinte contido:

a) As condicións sobre as cales se sustenta a apertura do proceso de resolución conforme o previsto no artigo 19.

b) Os instrumentos de resolución xa implementados ou que teña previsto implementar o FROB, e as facultades de que pretenda facer uso para tal efecto, así como os compromisos adoptados para minimizar o uso de recursos públicos e as eventuais distorsións á competencia que poidan resultar de tales instrumentos e facultades.

c) As medidas de apoio financeiro que deberá implementar o Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito conforme a normativa correspondente. Para estes efectos, o FROB, conforme o principio de utilización máis eficiente dos recursos públicos, poderá outorgar financiamento, en condicións de mercado, ao Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito co fin de que este poida acometer as funcións que ten atribuídas.

d) A valoración económica da entidade ou dos seus correspondentes activos e pasivos.

e) As accións de xestión dos instrumentos híbridos de capital e de débeda subordinada que se vaian realizar.

f) O prazo máximo de execución.

3. O Banco de España, con carácter previo a aprobar o correspondente plan de resolución, solicitará informe aos órganos competentes das comunidades autónomas en que teñan o seu domicilio as caixas de aforro e, de ser o caso, as cooperativas de crédito afectadas, que deberá ser remitido no prazo de dez días.

4. O plan de resolución será sometido á aprobación do Banco de España, que o valorará no marco das súas competencias como autoridade responsable da supervisión da solvencia, da actuación e do cumprimento da normativa específica das entidades de crédito e das súas competencias en relación coa promoción do bo funcionamento e estabilidade do sistema financeiro e os sistemas de pagamentos. As modificacións posteriores do plan de resolución que poida acordar o FROB, para a implementación de novos instrumentos ou para a modificación dos xa incluídos, serán sometidas ao mesmo procedemento de aprobación por parte do Banco de España.

5. A aprobación polo Banco de España do plan de resolución determinará que as concretas operacións mediante as cales se instrumente a resolución, incluídas as eventuais adquisicións de participacións significativas e as modificacións estatutarias que, de ser o caso, se produzan como consecuencia desas operacións, non requiran ningunha autorización administrativa ulterior no ámbito da normativa sobre entidades de crédito.

Artigo 24. *Medidas preliminares*

O Banco de España, cando aprecie indicios fundados da posible concorrencia das condicións para a resolución, con carácter previo á eventual apertura dun proceso de resolución e co obxecto de reducir ou eliminar os obstáculos que durante este se poidan presentar, poderá acordar as seguintes medidas:

a) Requerir a subscripción de contratos de prestación de servizos para asegurar a efectividade dos de carácter crítico, xa sexa con entidades do grupo ou con terceiros.

b) Requerir a limitación das exposicións da entidade a nivel individual e agregado.

c) Impor requisitos de información específicos ou regulares adicionais, incluíndo, entre outros, o mantemento de arquivos e rexistros específicos e detallados das operacións financeiras e acordos de compensación contractual a que se refire a sección 2.^a do Real decreto lei 5/2005, do 11 de marzo, de reformas urxentes para o impulso á produtividade e para a mellora da contratación pública.

d) Requerir o desinvestimento de determinados activos.

e) Requerir a limitación ou o cesamento de determinadas actividades que veña desenvolvendo ou que proxecte desenvolver no futuro.

f) Restringir ou impedir o desenvolvemento ou a venda de novas liñas de negocio ou produtos.

g) Requerir cambios na estrutura legal ou operativa da entidade, grupo ou subgrupo consolidable, reducindo a súa complexidade, co obxectivo de que os servizos críticos poidan ser legal e economicamente separados doutros servizos mediante a adopción de medidas de resolución.

Sección 3.^a Instrumentos específicos de resolución

Artigo 25. *Instrumentos de resolución.*

1. Os instrumentos de resolución son:

a) A venda do negocio da entidade.

b) A transmisión de activos ou pasivos a un banco ponte.

c) A transmisión de activos ou pasivos a unha sociedade de xestión de activos.

d) O apoio financeiro aos adquirentes do negocio, ao banco ponte ou á sociedade de xestión de activos cando resulte necesario para facilitar a implementación dos instrumentos anteriores e para minimizar o uso de recursos públicos.

2. O FROB poderá adoptar os instrumentos anteriores individual ou conxuntamente.

3. Se se aplican de maneira parcial os instrumentos de resolución, unha vez realizada a transmisión parcial do negocio ou dos activos e pasivos, a entidade disolverase e liquidarase no marco dun procedemento concursal.

Artigo 26. *Venda do negocio da entidade.*

1. O FROB poderá acordar e executar a transmisión a un adquirente que non sexa un banco ponte:

a) Das accións, cotas participativas ou achegas ao capital social ou, con carácter xeral, dos instrumentos representativos do capital ou equivalente da entidade ou convertibles neles, calquera que sexa o seu titular.

b) De todo ou parte dos activos e pasivos da entidade.

2. A transmisión a que se refire o número anterior realizarase en representación e por conta dos accionistas da entidade, pero sen necesidade de obter o seu consentimento nin o de terceiros diferentes do comprador, e sen ter que cumprir os requisitos de procedemento exixidos en materia de modificacións estruturais das sociedades mercantís. Realizarase, así mesmo, en condicións de mercado tendo en conta as circunstancias do caso concreto.

3. As limitacións ou obrigas legais mencionadas nas letras a), b) e d) do artigo 33.1 tampouco resultarán de aplicación ás persoas ou entidades que, en execución do establecido no correspondente plan de resolución, adquirisen as accións, cotas, achegas ou instrumentos.

4. Para determinar o importe resultante da transmisión que se deba aboar á entidade ou aos seus accionistas, deduciranse do prezo de venda os gastos, administrativos e de calquera outra natureza en que incorreu o FROB, incluíndo o custo dos instrumentos de apoio financeiro que este puidese adoptar de conformidade co disposto no artigo 28, que se reembolsarán previamente ao propio FROB con cargo ao prezo de venda.

5. O FROB poderá aplicar este instrumento de resolución nunha ou varias ocasións e a favor dun ou varios adquirentes.

6. Para seleccionar o adquirente ou adquirentes, o FROB desenvolverá un procedemento competitivo coas seguintes características:

a) Será transparente, tendo en conta as circunstancias do caso concreto e a necesidade de salvagardar a estabilidade do sistema financeiro.

b) Non favorecerá ou discriminará ningún dos potenciais adquirentes.

c) Adoptaranse as medidas necesarias para evitar situacións de conflito de interese.

d) Tomará en consideración a necesidade de aplicar o instrumento de resolución o máis rápido posible.

e) Terá entre os seus obxectivos maximizar o prezo de venda e minimizar o uso de recursos públicos.

7. Cando, nos termos previstos no artigo 66, o desenvolvemento do procedemento a que se refire o número anterior poida dificultar a consecución dalgún dos obxectivos enumerados no artigo 3 e, en particular, cando se xustifique adecuadamente que existe unha seria ameaza para a estabilidade do sistema financeiro como consecuencia da situación da entidade ou se constate que o desenvolvemento dese procedemento pode dificultar a efectividade do instrumento de resolución, a selección do adquirente ou adquirentes poderase realizar sen necesidade de cumprir con todos os requisitos de procedemento indicados no punto anterior. A xustificación deste procedemento singular

de selección comunicárase á Comisión Europea, para efectos do establecido na normativa en materia de axudas de Estado e defensa da competencia.

Artigo 27. *Banco ponte.*

1. O FROB poderá acordar e executar a transmisión a un banco ponte de todo ou parte dos activos e pasivos da entidade.

2. Para os efectos do disposto neste artigo considerarase banco ponte unha entidade de crédito, incluída de ser o caso a propia entidade en resolución, participada polo FROB, cuxo obxecto sexa o desenvolvemento de todas ou parte das actividades da entidade en resolución e a xestión de todo ou parte dos seus activos e pasivos.

O banco ponte deberá cumprir coas normas de ordenación e disciplina aplicables ás entidades de crédito e estará sometido ao mesmo réxime de supervisión e sanción.

3. O valor total dos pasivos transmitidos ao banco ponte non poderá exceder o valor dos activos transmitidos desde a entidade ou desde calquera outra procedencia, incluíndo os relativos ao apoio financeiro a que se refire o artigo 25.1.d).

4. O FROB poderá aplicar este instrumento nunha ou varias ocasións e a favor dun ou varios bancos ponte, así como transmitir activos e pasivos dun banco ponte á entidade ou a un terceiro.

5. O banco ponte será administrado e xestionado co obxectivo de vendelo, ou ben vender os seus activos ou pasivos, cando as condicións sexan apropiadas e, en todo caso, nun prazo máximo de cinco anos desde a súa constitución ou adquisición polo FROB.

A venda do banco ponte ou dos seus activos ou pasivos realizarase en condicións de mercado e desenvolverase no marco de procedementos competitivos, transparentes e non discriminatorios. O resultado da venda corresponderá aos accionistas do banco ponte, con dedución, de ser o caso, dos mesmos gastos sinalados no artigo 26.4.

6. Revogarase a autorización do banco ponte como entidade de crédito e cesará na súa actividade transcorrido un ano desde que deixe de estar participado polo FROB, ou desde que se traspase a totalidade ou a maior parte dos seus activos e pasivos a outra entidade e, en todo caso, nun prazo máximo de seis anos desde a súa constitución.

En caso de que o banco ponte deixe de resultar operativo, o FROB procederá á súa liquidación, sempre e cando posúa a maioría do capital social. O importe resultante da liquidación aboaráselles ás entidades en resolución cuxos activos e pasivos se transmitisen ao banco ponte.

7. A creación e xestión do banco ponte perseguirá a utilización máis eficiente dos recursos públicos e minimizar os apoios financeiros públicos, tendo en conta a necesidade de asegurar a estabilidade financeira. Para tales efectos, poderase adoptar esta medida por razóns de urxencia, nos termos previstos no artigo 66.

CAPÍTULO V

Instrumentos de apoio financeiro

Artigo 28. *Instrumentos de apoio financeiro.*

1. O FROB poderá adoptar instrumentos de apoio financeiro na medida necesaria para alcanzar os obxectivos enumerados no artigo 3, tomando en consideración os principios enumerados no artigo 4.

Con carácter previo á decisión de adopción de instrumentos de apoio financeiro a que se refire este artigo, o FROB elevará ao ministro de Facenda e Administracións Públicas e ao ministro de Economía e Competitividade unha memoria económica en que se detalle o impacto financeiro dese apoio sobre os fondos achegados ao FROB con cargo aos orzamentos xerais do Estado. Sobre a base dos informes que emitan para o efecto a Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira e a Intervención Xeral da Administración do Estado, o ministro de Facenda e Administracións Públicas poderase

opor, motivadamente, á adopción de tales instrumentos de apoio financeiro no prazo de cinco días hábiles desde que lle sexa elevada esa memoria.

2. O apoio financeiro do FROB poderase concretar, entre outras, nunha ou varias das seguintes medidas:

- a) O outorgamento de garantías.
- b) A concesión de préstamos ou créditos.
- c) A adquisición de activos ou pasivos, dos cales poderá manter a súa xestión ou encomendarlla a un terceiro.
- d) A recapitalización nos termos previstos no artigo 29.

Segundo se trate de procesos de reestruturación, de conformidade co previsto no capítulo III, ou de resolución, de conformidade co previsto no capítulo IV, as medidas de apoio financeiro antes mencionadas poderanse adoptar en relación coa entidade, coas entidades do seu grupo, co adquirente a que fai referencia o artigo 26, cun banco ponte ou cunha sociedade de xestión de activos.

3. Cando o FROB proceda a allear os activos ou pasivos que puidese adquirir de conformidade co previsto na letra c) do número 2, o alleamento deberase realizar a través de procedementos que aseguren a competencia.

4. No suposto de que as entidades que reciben apoio financeiro conforme o previsto neste capítulo emitisen previamente instrumentos convertibles subscritos polo FROB, deberán proceder, se así o solicita o FROB, á súa inmediata conversión en accións ordinarias ou achegas ao capital social nos termos previstos nas correspondentes escrituras públicas de emisión.

En caso de que as correspondentes entidades sexan caixas de aforro, adoptarán necesariamente o réxime previsto na disposición adicional quinta do Real decreto lei 2/2011, do 18 de febreiro, para o reforzamento do sistema financeiro, en materia de acordos relativos á súa participación no banco a través do cal desenvolvan, de ser o caso, a súa actividade como entidade de crédito.

5. A utilización por parte do FROB de instrumentos de apoio financeiro non reducirá as perdas derivadas da reestruturación ou da resolución que corresponde soportar aos accionistas, cotapartícipes ou socios e acredores subordinados, de conformidade co previsto neste real decreto lei e, en especial, tomando en consideración os principios enumerados nas letras a) e b) do artigo 4.

6. Para os efectos da aplicación da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, os créditos do FROB serán considerados créditos con privilexio xeral.

7. O outorgamento de garantías por parte do FROB quedará suxeito aos límites que para o efecto se establezan nas correspondentes leis anuais de orzamentos xerais do Estado.

Artigo 29. *Instrumentos de recapitalización.*

1. O FROB poderá subscribir ou adquirir, nas condicións establecidas neste capítulo, os instrumentos que se detallan a continuación emitidos por aquelas entidades que, no marco do disposto nos capítulos III e IV, necesiten apoio financeiro:

- a) Accións ordinarias ou achegas ao capital social.
- b) Instrumentos convertibles nos instrumentos mencionados na letra a).

A subscrición ou adquisición farase de conformidade cos principios e criterios que o FROB poida establecer para o efecto, logo do informe do Banco de España.

2. Estes instrumentos serán computables en todo caso como recursos propios básicos e como capital principal, sen prexuízo do seu especial tratamento en relación coas accións de xestión de instrumentos híbridos de capital e débeda subordinada previstas no capítulo VII. Non lles serán de aplicación as limitacións legalmente establecidas para a computabilidade dos recursos propios e do capital principal, nin será obrigatorio que coticen nun mercado secundario organizado.

3. O FROB poderá anticipar en forma de préstamo o prezo de subscrición ou adquisición dos instrumentos a que se refire este artigo nos termos previstos no número 3 da disposición adicional quinta do Real decreto lei 21/2012, do 13 de xullo, de medidas de liquidez das administracións públicas e no ámbito financeiro.

Artigo 30. Valor económico da entidade e pagamento dos instrumentos de recapitalización.

1. O prezo de subscrición, adquisición ou conversión dos instrumentos de recapitalización fixarase aplicando ao valor económico da entidade o desconto que resulte aplicable de acordo coa normativa da Unión Europea en materia de competencia e axudas de Estado.

A fixación do prezo de subscrición, adquisición ou conversión realizarase logo do informe da Intervención Xeral da Administración do Estado relativo ao cumprimento das regras de procedemento aplicables para a súa determinación.

2. O pagamento do prezo de subscrición ou adquisición dos instrumentos a que se refire este artigo poderase realizar en efectivo ou mediante a entrega de valores representativos de débeda pública, de valores emitidos pola Facidade Europea de Estabilización Financeira ou polo Mecanismo Europeo de Estabilidade, ou de valores emitidos polo propio FROB. Así mesmo, o FROB poderá satisfacer ese prezo mediante compensación dos créditos que posúa fronte ás correspondentes entidades.

3. Para seren beneficiarias da actuación do FROB prevista neste artigo, as caixas de aforro deberán traspasar previamente a súa actividade financeira a un banco consonte o disposto nos artigos 5 ou 6 do Real decreto lei 11/2010, do 9 de xullo, de órganos de goberno e outros aspectos do réxime xurídico das caixas de aforro, no prazo máximo de tres meses desde a data en que se lles notifique a aprobación do plan de reestruturación.

Así mesmo, se a entidade solicitante da actuación do FROB prevista neste artigo for un banco participado conxuntamente por caixas de aforro conforme o disposto no artigo oitavo.3 da Lei 13/1985, do 25 de maio, de coeficientes de investimento, recursos propios e obrigas de información dos intermediarios financeiros, aquelas deberán traspasar toda a súa actividade financeira ao banco e exercer a súa actividade consonte o disposto nos artigos 5 ou 6 do Real decreto lei 11/2010, do 9 de xullo, no prazo máximo de tres meses desde a data en que se lles notifique a aprobación do plan de reestruturación.

Artigo 31. Accións ordinarias ou achegas ao capital social.

1. Con anterioridade á adquisición polo FROB de accións ordinarias ou á realización de achegas ao capital social, a entidade deberá adoptar as medidas necesarias para que esa adquisición ou achega supoña unha participación no seu capital social que se axuste ao valor económico da entidade resultante do proceso de valoración.

2. O réxime xurídico do FROB non se estenderá ás entidades de crédito participadas por el de conformidade co previsto neste artigo, que se deberán rexer polo ordenamento xurídico privado que resulte de aplicación.

3. A subscrición ou adquisición destes instrumentos determinará, en todo caso, por si mesma e sen necesidade de ningún outro acto ou acordo, salvo a notificación correspondente ao Rexistro Mercantil dos votos que lle corresponden, a atribución ao FROB dos dereitos políticos correspondentes e a súa incorporación ao órgano de administración da entidade emisora. O FROB nomeará a persoa ou persoas físicas que desempeñen a súa representación para tal efecto e disporá no órgano de administración de tantos votos coma os que resulten de aplicar ao número total de votos a súa porcentaxe de participación na entidade, arredondada ao enteiro máis próximo.

Para os efectos do previsto no ordinal sétimo do artigo 5 do Real decreto lei 11/2010, do 9 de xullo, non se terá en conta a participación do FROB no capital social dunha entidade.

4. Co fin de asegurar unha maior eficiencia no uso dos recursos públicos e cumprindo para o efecto coa normativa española e da Unión Europea en materia de competencia e axudas de Estado, o desinvestimento polo FROB dos instrumentos a que

se refire este artigo realizarase mediante o seu alleamento a través de procedementos que aseguren a competencia e dentro dun prazo non superior aos cinco anos contado desde a data da súa subscrición ou adquisición.

O FROB poderá adoptar calquera dos instrumentos de apoio financeiro a que se refire o artigo 28 para apoiar o procedemento competitivo de desinvestimento.

O FROB poderá concorrer xunto con algún ou algúns dos demais socios ou accionistas da entidade aos eventuais procesos de venda de títulos nos mesmos termos que estes poidan concertar.

5. O alleamento realizarase logo do informe da Intervención Xeral da Administración do Estado, relativo ao cumprimento das regras de procedemento aplicables para a súa execución. Así mesmo, os procesos de desinvestimento de participacións significativas levados a cabo por entidades de crédito controladas polo FROB, de conformidade cos correspondentes plans de reestruturación e resolución, a través de participacións directas ou indirectas, e con independencia de que esas entidades estean suxeitas ao dereito privado, serán obxecto de informe do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas no relativo á súa adecuación aos principios de publicidade e concorrència. Corresponderá á Comisión Reitora do FROB a delimitación do concepto de participación significativa.

Artigo 32. Instrumentos convertibles en accións ordinarias ou achegas ao capital social.

1. No momento da adopción do acordo de emisión destes instrumentos, a entidade emisora deberá aprobar os acordos necesarios para a ampliación de capital ou a subscrición de achegas ao capital na contía necesaria.

2. A entidade deberase comprometer a comprar ou amortizar os instrumentos subscritos ou adquiridos polo FROB tan pronto como estea en condicións de facelo nos termos previstos e, en todo caso, nun prazo non superior a cinco anos. Ademais, o acordo de emisión deberá prever a convertibilidade dos títulos por decisión unilateral do FROB se, antes do transcurso do prazo de cinco anos, o FROB, logo de informe do Banco de España, considera improbable, á vista da situación da entidade ou do seu grupo, que a súa recompra ou amortización se poida levar a cabo nese prazo.

Artigo 33. Réxime especial da subscrición ou adquisición por parte do FROB dos instrumentos de recapitalización.

1. Cando o FROB subscriba ou adquira calquera dos instrumentos de recapitalización sinalados nos artigos anteriores, non lle resultarán de aplicación:

a) As limitacións estatutarias do dereito de asistencia ás xuntas ou asembleas xerais ou do dereito a voto.

b) As limitacións á adquisición de achegas ao capital social de cooperativas de crédito.

c) As limitacións que a lei establece á computabilidade dos recursos propios e do capital principal ou, con carácter xeral, as limitacións establecidas en cada momento en relación cos requirimentos de solvencia.

d) A obriga de presentar oferta pública de adquisición consonte a normativa sobre mercados de valores.

2. Cando o FROB subscriba ou adquira achegas ao capital social dunha cooperativa de crédito, o quórum de asistencia á asemblea e as maiorías necesarias para a adopción de acordos calcularanse, e os dereitos de voto atribuiranse, en proporción ao importe das achegas respecto ao capital social da cooperativa.

3. En caso de que se acorde a supresión do dereito de subscrición preferente dos accionistas, non será necesaria a obtención do informe de auditor de contas exixido polo texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo.

Así mesmo, en caso de que se emitan os instrumentos a que se refire o artigo 29.1.b), tampouco será necesario o informe de auditor de contas exixido pola Lei de sociedades de capital, sobre as bases e modalidades da conversión.

Artigo 34. *Conversión e desinvestimento dos instrumentos convertibles en accións ordinarias ou achegas ao capital social.*

1. Transcorridos cinco anos desde o desembolso ou adquisición sen que os títulos fosen recomprados ou amortizados pola entidade, o FROB poderá solicitar a súa conversión. O exercicio desta facultade deberase realizar, de ser o caso, no prazo máximo de seis meses contados a partir da finalización do quinto ano desde que se produciu o desembolso ou adquisición.

Se, como consecuencia da evolución da situación económico-financeira da entidade ou do desenvolvemento das condicións dos mercados, non se poden cumprir os obxectivos establecidos no plan de actuación, de reestruturación ou de resolución, poderase estender o prazo mencionado no parágrafo anterior até dous anos máis.

2. A entidade e os seus accionistas adoptarán os acordos e realizarán as actuacións necesarias para asegurar que a conversión, cumprindo para o efecto coa normativa da Unión Europea en materia de competencia e axudas de Estado, se realiza en condicións de mercado e competencia e de acordo co valor económico da entidade, de conformidade co establecido no artigo 30, e deberán para tal efecto instrumentar as operacións de transmisión de accións ou achegas ou de redución de capital, xa sexa por compensación de perdas, constitución ou incremento de reservas ou devolución do valor de achegas, que resulten oportunas.

A conversión realizarase logo do informe da Intervención Xeral da Administración do Estado, relativo ao cumprimento das regras de procedemento aplicables para a súa execución.

3. Sen prexuízo de calquera outra acción e responsabilidade, en caso de incumprimento por parte da entidade ou daqueles dos seus accionistas que teñan a condición de entidade de crédito da obrigación establecida no número anterior, o Banco de España poderá acordar, sempre que non se producise xa, a substitución dos órganos de administración ou dirección da entidade emisora, e dos daqueles dos seus accionistas que teñan a condición de entidade de crédito, até que se complete a operación de conversión. En tal caso será designado administrador o FROB que, pola súa vez, nomeará a persoa ou persoas físicas que, no seu nome e en exercicio das funcións e facultades propias desa condición, adoptarán os acordos e realizarán as actuacións necesarias para dar efecto á conversión. Na súa calidade de administrador, o FROB terá todas as facultades para adoptar os acordos e realizar as actuacións necesarias para completar a conversión, estean ou non previstas nos estatutos da entidade emisora e daqueles dos seus accionistas que teñan a condición de entidade de crédito e dos cales tamén fose designado administrador.

4. En caso de que finalmente se produza a conversión dos instrumentos a que se refire este artigo en accións ordinarias ou achegas ao capital social da entidade, resultará de aplicación aos novos instrumentos o disposto nos artigos 31 e 33.

CAPÍTULO VI

Sociedade de xestión de activos

Artigo 35. *Sociedade de xestión de activos.*

1. Nos termos previstos neste real decreto lei, o FROB poderá, con carácter de acto administrativo, obrigar unha entidade de crédito a transmitir a unha sociedade de xestión de activos determinadas categorías de activos especialmente danados ou cuxa permanencia no balance da entidade se considere prexudicial para a súa viabilidade, co

fin de dar de baixa do balance tales activos e permitir a xestión independente da súa realización.

2. Regulamentariamente determinaranse os criterios para definir as categorías de activos a que se refire o número anterior en función, entre outros, da actividade a que estivesen ligados, da súa antigüidade en balance e da súa clasificación contable. En función destes criterios, o Banco de España precisará para cada entidade os activos susceptibles de seren transmitidos.

3. A sociedade de xestión de activos, que será sociedade anónima, rexerá polo disposto neste real decreto lei e na normativa que o desenvolva e, supletoriamente, polo disposto no texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, e demais normas do ordenamento xurídico-privado.

4. A sociedade poderá emitir obrigacións e valores que recoñezan ou creen débeda sen que lle resulte de aplicación o límite previsto no artigo 405 da Lei de sociedades de capital.

5. Para os efectos da regulación contida neste capítulo, a referencia a activos comprenderá tamén os pasivos que sexa necesario transmitir.

Artigo 36. *Réxime da transmisión de activos.*

1. A transmisión dos activos á sociedade de xestión de activos realizarase sen necesidade de obter o consentimento de terceiros, mediante calquera negocio xurídico e sen ter que cumprir os requisitos de procedemento exixidos en materia de modificacións estruturais das sociedades mercantís.

2. Con carácter previo á transmisión, a entidade de crédito realizará os axustes de valoración dos activos que vaia transmitir segundo os criterios que se determinen regulamentariamente.

Con igual carácter previo á transmisión, o Banco de España determinará o valor dos activos sobre a base dos informes de valoración encargados a un ou varios expertos independentes.

A valoración levarase a cabo a través do procedemento e de conformidade cos criterios previstos no número anterior, seguindo metodoloxías comunmente aceptadas e en coherencia co procedemento de valoración a que se refire o artigo 5.

Esas metodoloxías deberán ser coherentes e adecuadas para proporcionar unha estimación realista dos activos e, ademais, deberán maximizar o uso de datos observables e limitar os non observables tanto como sexa posible.

Para os efectos do disposto na Lei de sociedades de capital, a valoración anterior substituirá a realizada por un experto independente.

3. O FROB poderá exixir que, con carácter previo á súa transmisión á sociedade, os activos se agrupen nunha sociedade ou se realice sobre eles calquera clase de operación que facilite a transmisión.

4. A transmisión de activos estará sometida ás seguintes condicións especiais:

a) A transmisión non poderá ser, en ningún caso, obxecto de rescisión por aplicación das accións de reintegración previstas na lexislación concursal.

b) Para a transmisión de créditos que teñan a consideración de litixiosos, non resultará aplicable o disposto no artigo 1535 do Código civil.

c) A sociedade adquirente non quedará obrigada a formular unha oferta pública de adquisición consonte a normativa sobre mercados de valores.

d) A transmisión de activos non constituirá un suposto de sucesión ou extensión de responsabilidade tributaria nin de Seguridade Social, salvo o disposto no artigo 44 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo.

e) A sociedade de xestión de activos non será responsable, no caso de que se produza a transmisión, das obrigacións tributarias devindicadas con anterioridade a esa transmisión derivadas da titularidade, explotación ou xestión destes pola entidade transmitente.

CAPÍTULO VII

Xestión de instrumentos híbridos

Sección 1.ª Accións de xestión de instrumentos híbridos de capital e de débeda subordinada

Artigo 37. Accións de xestión de instrumentos híbridos de capital e de débeda subordinada.

1. Os plans de reestruturación e de resolución a que se alude nos capítulos III e IV deberán incluír a realización de accións de xestión dos instrumentos híbridos de capital e de débeda subordinada que teñan emitidos as entidades de crédito a que corresponden os citados plans, para asegurar unha adecuada repartición dos custos de reestruturación ou de resolución da entidade conforme a normativa en materia de axudas de Estado da Unión Europea e os obxectivos e principios establecidos nos artigos 3 e 4 e, en particular, para protexer a estabilidade financeira e minimizar o uso de recursos públicos.

2. As accións que inclúan os plans de reestruturación e de resolución para os efectos do número anterior poderán afectar as emisións de instrumentos híbridos, como participacións preferentes ou obrigacións convertibles, bonos e obrigacións subordinadas ou calquera outro financiamento subordinado, con ou sen vencemento, obtido pola entidade de crédito, xa sexa de forma directa ou a través dunha entidade integramente participada, directa ou indirectamente, por aquela.

3. As accións de xestión de instrumentos híbridos de capital e de débeda subordinada poderán afectar a todas ou parte das emisións ou financiamentos a que se refire o número anterior, pero deberán ter en conta a distinta orde de prelación que poidan ter entre si as emisións.

Artigo 38. Tipos de accións de xestión de instrumentos híbridos de capital e de débeda subordinada.

1. As accións de xestión de instrumentos híbridos de capital e de débeda subordinada poderán consistir, entre outras medidas, en:

- a) Ofertas de troca por instrumentos de capital da entidade de crédito, sexan accións, cotas participativas ou achegas ao capital.
- b) Ofertas de recompra dos valores, xa sexa mediante o seu aboamento directo en efectivo ou condicionado, conforme o seu valor actual, á subscripción de accións, cotas participativas ou achegas ao capital da entidade ou ao reinvestimento do prezo de recompra nalgún outro produto bancario.
- c) Redución do valor nominal da débeda.
- d) Amortización anticipada a valor distinto do valor nominal.

2. As medidas do número anterior serán de aceptación voluntaria por parte dos investidores. En particular, as das letras c) e d) requirirán o consentimento previo dos investidores para a modificación da emisión que corresponda, conforme o previsto nos termos e condicións de cada unha. A entidade deberá promover, de ser o caso, as modificacións dos termos da emisión que faciliten as accións previstas no seu plan de reestruturación ou de resolución, segundo corresponda.

As medidas do número anterior poderán ir acompañadas doutras modificacións dos termos das emisións afectadas e, en particular, da introdución do carácter discrecional do pagamento da remuneración.

3. Ás entidades de crédito referidas no artigo 37.1, para as que as accións de xestión de instrumentos híbridos de capital e de débeda subordinada non alcancen unha adecuada repartición dos custos, aplicaráselles o previsto na sección 2.ª do capítulo VII.

Artigo 39. *Valor de mercado.*

1. As accións de xestión de instrumentos híbridos de capital e de débeda subordinada terán en conta o valor de mercado dos valores de débeda a que se dirixen, aplicando as primas ou descontos que resulten conformes coa normativa da Unión Europea de axudas de Estado.

2. Para efectos de acreditar o valor de mercado, a entidade solicitará a elaboración de, polo menos, un informe por un experto independente.

Artigo 40. *Publicidade das accións de xestión de instrumentos híbridos de capital e de débeda subordinada.*

1. Unha vez aprobado o plan de reestruturación ou de resolución e con suficiente antelación con respecto á súa execución, as accións de xestión de instrumentos híbridos de capital e de débeda subordinada serán anunciadas mediante feito relevante, publicadas na páxina web da entidade e, de ser o caso, no boletín de cotización do mercado en que os títulos estean admitidos a negociación. No caso de que a entidade de crédito non estea obrigada á elaboración dun folleto informativo, de conformidade co artigo 30 bis da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, e coa normativa concordante, esta deberá elaborar e pór á disposición dos investidores afectados un documento informativo que conteña todos os datos necesarios para que estes poidan valorar adecuadamente a conveniencia de aceptar a proposta da entidade.

2. Para o caso de que a aceptación da acción de xestión de instrumentos híbridos de capital e de débeda subordinada implique a contratación ou subscrición de novos produtos bancarios ou financeiros, a entidade deberá deseñar un procedemento de aceptación da oferta que permita o cumprimento da normativa específica en materia de protección de investidores.

Sección 2.^a Accións de xestión de instrumentos híbridos de capital e de débeda subordinada polo Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria

Artigo 41. *Xestión de instrumentos híbridos de capital e de débeda subordinada polo Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria.*

1. Nos termos previstos nesta sección o FROB acordará, con carácter de acto administrativo, accións de xestión de instrumentos híbridos de capital e de débeda subordinada no caso das entidades de crédito referidas no artigo 37.1 para as cales se elaborase un plan de reestruturación ou de resolución, incluíndoas no citado plan, se considera que son necesarias para alcanzar algún dos seguintes obxectivos:

a) Asegurar unha repartición adecuada dos custos da reestruturación ou da resolución das entidades de crédito, conforme a normativa en materia de axudas de Estado da Unión Europea e tratando de minimizar o uso dos recursos públicos.

b) Preservar ou restaurar a posición financeira das entidades de crédito que reciban apoio financeiro do FROB.

2. As accións de xestión de instrumentos híbridos de capital e de débeda subordinada que acorde o FROB serán vinculantes para as entidades de crédito a que van dirixidas, para as súas entidades integramente participadas de forma directa ou indirecta a través das cales se realizase a emisión e para os titulares dos instrumentos híbridos de capital e de débeda subordinada. Na medida en que esas accións de xestión teñan por obxecto asegurar unha repartición adecuada dos custos de reestruturación ou resolución, quedan excluídos desas accións de xestión os instrumentos híbridos de capital e de débeda subordinada que o propio FROB subscribise ou adquirise en virtude do presente real decreto lei, independentemente de se foron subscritos con anterioridade a tales accións.

Artigo 42. *Contido das accións de xestión de instrumentos híbridos de capital e de débeda subordinada que acorde o FROB.*

1. O FROB determinará qué emisións ou partidas de instrumentos híbridos de capital e de débeda subordinada se encontran dentro do ámbito de aplicación da acción de xestión, e deberá respectar, nesa determinación, a distinta orde de prelación que poidan ter entre si as emisións. Non se poderán imputar proporcionalmente máis perdas aos titulares de valores que teñan mellor rango ca outros e, en calquera caso, será preciso que os accionistas, cotaparticipes ou socios da entidade de crédito asumisen perdas até onde for posible.

2. As accións de xestión de instrumentos híbridos de capital e de débeda subordinada que poderá acordar o FROB conforme o previsto nesta sección serán unha ou varias das que se indican a continuación:

a) O aprazamento, a suspensión, a eliminación ou modificación de determinados dereitos, obrigacións, termos e condicións de todas ou algunha das emisións de instrumentos híbridos de capital e de débeda subordinada da entidade no sentido do artigo 37.2. As modificacións poderán afectar, entre outros:

- 1.º O pagamento de xuros.
- 2.º O reembolso do principal.
- 3.º Os supostos de incumprimento.
- 4.º A data de vencemento.
- 5.º Os dereitos individuais ou colectivos dos investidores.
- 6.º O dereito de solicitar a declaración dun incumprimento.
- 7.º O dereito a exixir calquera pagamento relacionado cos valores.

b) A obriga da entidade de recomprar os valores afectados ao prezo que determine o propio FROB.

O FROB estará facultado para deseñar o procedemento de recompra, sen que o prezo de recompra total de cada unha das emisións poida exceder o seu valor de mercado e as primas ou descontos que sexan conformes coa normativa da Unión Europea en materia de axudas de Estado. En calquera caso, os investidores recibirán un importe non inferior ao que terían recibido en caso de liquidación da entidade no marco dun procedemento concursal.

Así mesmo, o FROB poderá estipular que o pagamento do prezo de recompra se reinvesta na subscripción de accións, cotas participativas ou achegas ao capital social, segundo corresponda, ou que ese pagamento se realice en especie mediante a entrega de accións ou cotas participativas dispoñibles en autocartera directa ou indirecta da entidade.

c) Calquera outra actuación que a entidade de crédito afectada podería ter realizado a través dunha acción de xestión de instrumentos híbridos de capital e de débeda subordinada.

3. Para os efectos de executar as medidas que correspondan conforme o número anterior, o FROB poderá adoptar os acordos sociais e realizará as actuacións que sexan necesarias, ao abeiro do disposto no artigo 61. Así mesmo, será de aplicación o disposto no artigo 63.1.

Artigo 43. *Criterios de valoración.*

O Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria deberá valorar a idoneidade e o contido da acción de xestión que vaia acordar en función dos seguintes criterios:

a) A proporción que representan os instrumentos híbridos de capital e de débeda subordinada da entidade con respecto ao total de activos desta.

b) O importe das axudas públicas percibidas ou que vaia percibir a entidade e a súa forma de instrumentación e, en particular, se a entidade recibiu ou vai recibir apoio financeiro en forma de capital social.

- c) A proporción que representan as axudas públicas percibidas ou comprometidas con respecto aos activos ponderados por risco da entidade.
- d) A viabilidade da entidade de crédito sen esas axudas.
- e) A capacidade actual e futura da entidade de crédito para captar recursos propios no mercado.
- f) O importe que recibirían os titulares de instrumentos híbridos da entidade de crédito e de débeda subordinada en caso de disolución e liquidación desta e a falta de axudas públicas.
- g) O valor de mercado dos instrumentos híbridos de capital e de débeda subordinada a que vaia afectar a acción.
- h) A efectividade obtida ou que podería obter unha acción de xestión de instrumentos híbridos de capital e de débeda subordinada levada a cabo pola entidade.
- i) O grado de probabilidade con que os investidores aceptarían voluntariamente as medidas previstas no artigo anterior, tendo en conta, ademais, o perfil maioritario dos investimentos en cada unha das emisións a que vaia afectar a acción.

Artigo 44. Aprobación da acción de xestión de instrumentos híbridos de capital e de débeda subordinada.

A acción de xestión de instrumentos híbridos de capital e de débeda subordinada será aprobada polo FROB, que a remitirá, xunto a unha memoria coas razóns que xustifican a súa adopción, ao Banco de España.

Artigo 45. Publicidade e data de efectos do acordo do FROB.

1. O FROB deberá notificar con carácter inmediato á entidade de crédito afectada e ao Ministerio de Economía e Competitividade a execución da acción de xestión de instrumentos híbridos de capital e de débeda subordinada acordada. O contido do acordo correspondente publicarase como feito relevante, así como no «Boletín Oficial del Estado» e na páxina web do propio Fondo.

2. A entidade de crédito afectada deberá asegurar o coñecemento do contido da acción acordada polo FROB polos investidores afectados por ela, mediante a publicación da acción na súa páxina web e, de ser o caso, na páxina web da Comisión Nacional do Mercado de Valores e no boletín de cotización dos mercados en que os valores afectados estean admitidos a negociación.

3. O acordo producirá efectos desde a data da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Artigo 46. Modificación dunha acción de xestión de instrumentos híbridos de capital e de débeda subordinada.

1. En calquera momento, en caso de concorreren circunstancias excepcionais, o FROB poderá, conforme o procedemento previsto no artigo 44, modificar unha acción de xestión de instrumentos híbridos de capital e de débeda subordinada.

Para estes efectos, entenderase que concorren circunstancias excepcionais se persiste unha situación de inestabilidade da entidade ou existe unha ameaza inminente para a súa estabilidade ou para o sistema financeiro no seu conxunto, e o Banco de España considera que é conveniente modificar os termos da acción para afrontar mellor esa situación.

2. A modificación que se acorde será aprobada de conformidade co procedemento previsto no artigo 44, será publicada de conformidade co disposto no artigo 40 e producirá efectos desde a data da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Artigo 47. Dereitos dos investidores afectados por unha acción de xestión de instrumentos híbridos de capital e de débeda subordinada.

1. Fóra do disposto no artigo 69, os titulares de instrumentos híbridos de capital e de débeda subordinada afectados non poderán iniciar ningún outro procedemento de

reclamación de cantidade con base nun incumprimento dos termos e condicións da emisión correspondente, se eses termos foron afectados por unha acción de xestión de instrumentos híbridos de capital e de débeda subordinada acordada polo FROB e a entidade está cumprindo co seu contido.

2. Fóra do disposto no artigo 71.1, os titulares de instrumentos híbridos de capital e de débeda subordinada afectados non poderán reclamar da entidade nin do FROB ningún tipo de compensación económica polos prexuízos que lles puidese causar a execución dunha acción de xestión de instrumentos híbridos de capital e de débeda subordinada.

Artigo 48. *Dereitos de terceiros.*

As accións de xestión de instrumentos híbridos de capital e de débeda subordinada que sexan acordadas polo FROB, así como as actuacións da entidade de crédito dirixidas ao seu cumprimento, non poderán ser consideradas como unha causa de incumprimento ou vencemento anticipado das obrigacións que manteña a entidade de crédito con terceiros distintos dos referidos no artigo anterior. En consecuencia, as accións de xestión de instrumentos híbridos de capital e de débeda subordinada non modificarán, suspenderán nin extinguirán as relacións da entidade de crédito con terceiros, así como tampouco outorgarán novos dereitos nin imporán novas obrigacións á entidade de crédito fronte a aqueles. En particular, as citadas accións de xestión de instrumentos híbridos que sexan acordadas polo FROB, así como as actuacións da entidade de crédito dirixidas ao seu cumprimento e execución, non poderán ser alegadas por terceiros como un suposto de alteración do rango da orde do pagamento da débeda da entidade, para efectos da súa invocación por estes para o exercicio de accións procesuais.

En consecuencia, as accións de xestión de instrumentos híbridos non modificarán, suspenderán nin extinguirán as relacións da entidade de crédito con terceiros, así como tampouco outorgarán novos dereitos nin imporán novas obrigacións á entidade de crédito fronte a aqueles.

Artigo 49. *Réxime sancionador.*

Este capítulo VII terá a consideración de normas de ordenación e disciplina para os efectos da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito.

En particular, considerarase infracción moi grave o incumprimento ou a obstaculización da execución dunha acción de xestión de instrumentos híbridos de capital e de débeda subordinada acordada polo FROB. Terá a mesma cualificación a revelación ou difusión por calquera medio dos termos e condicións dunha proposta de acción de xestión de instrumentos híbridos de capital e de débeda subordinada antes de que sexa efectivamente acordada polo dito Fondo.

A entidade de crédito afectada pola acción responderá das actuacións de calquera das súas entidades integramente participadas que sexan emisoras dos valores incluídos dentro do ámbito de aplicación da acción.

CAPÍTULO VIII

Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria

Sección 1.^a Natureza e réxime xurídico

Artigo 50. *Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria.*

1. O FROB terá por obxecto xestionar os procesos de reestruturación e resolución das entidades de crédito.

2. O FROB é unha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia e plena capacidade pública e privada para o desenvolvemento dos seus fins, que se rexerá polo establecido neste real decreto lei.

3. O FROB quedará sometido ao ordenamento xurídico-privado, salvo que actúe no exercicio das potestades administrativas conferidas por este real decreto lei ou outras normas con rango de lei. As medidas de reestruturación ou resolución de entidades de crédito que adopte o FROB comunicaranse, de ser o caso, á Comisión Europea ou á Comisión Nacional da Competencia, para os efectos do establecido na normativa en materia de axudas de Estado e defensa da competencia.

4. O FROB non estará sometido ás previsións contidas na Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, nin lle serán de aplicación as normas xerais que regulan o réxime orzamentario, económico-financeiro, contable e de control dos organismos públicos dependentes ou vinculados á Administración xeral do Estado, salvo polo que respecta á fiscalización externa do Tribunal de Contas, de acordo co disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Contas, e ao sometemento do réxime interno da súa xestión no ámbito económico-financeiro ao control financeiro permanente da Intervención Xeral da Administración do Estado conforme o previsto no capítulo III do título VI da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria. O FROB non estará suxeito ás disposicións da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.

5. O persoal do FROB será seleccionado respectando os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, e estará vinculado a este por unha relación de dereito laboral. Sen prexuízo do anterior, o persoal funcionario que vaia prestar servizos no FROB poderao facer na situación de servizos especiais. Os gastos do persoal dese Fondo e dos seus directivos someteranse aos límites previstos para as entidades do sector público estatal.

6. O FROB terá, para efectos fiscais, o mesmo tratamento que o Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito.

7. O FROB poderá contratar con terceiros a realización de calquera actividade de carácter material, técnico ou instrumental que resulte necesaria para o adecuado cumprimento das súas funcións, axustándose aos principios de publicidade e concorrencia, salvo en casos excepcionais e urxentes.

Artigo 51. *Financiamento.*

1. O FROB disporá das dotacións que se realicen con cargo aos orzamentos xerais do Estado.

2. Adicionalmente, para o cumprimento dos seus fins, o FROB poderá captar financiamento emitindo valores de renda fixa, recibir préstamos, solicitar a apertura de créditos e realizar calquera outra operación de endebedamento.

Os recursos alleos obtidos polo FROB, calquera que sexa a modalidade da súa instrumentación, non deberán superar o límite que para o efecto se estableza nas correspondentes leis anuais de orzamentos xerais do Estado.

3. O patrimonio non comprometido do Fondo deberá estar materializado en débeda pública ou noutros activos de elevada liquidez e baixo risco. Calquera beneficio devindicado e contabilizado nas súas contas anuais ingresarase no Tesouro Público. O servizo de caixa do FROB levarao a cabo o Banco de España, co cal subscribirá o oportuno convenio.

Artigo 52. *Goberno do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria.*

1. O FROB será rexido e administrado por unha Comisión Reitora integrada por nove membros:

a) Catro membros designados polo Banco de España, un dos cales será o subgobernador, que desempeñará a presidencia da Comisión Reitora.

b) O secretario xeral do Tesouro e Política Financeira, que desempeñará a vicepresidencia da Comisión Reitora e substituirá o presidente nas súas funcións en caso de vacante, ausencia ou enfermidade.

- c) O subsecretario de Economía e Competitividade.
- d) O presidente do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas.
- e) O director xeral de Política Económica.
- f) O director xeral de Orzamentos.

Asistirán, así mesmo, ás sesións da Comisión Reitora, con voz pero sen voto, un representante designado polo interventor xeral da Administración do Estado e outro polo avogado xeral do Estado-director do Servizo Xurídico do Estado.

A Comisión Executiva do Banco de España designará os tres membros da Comisión Reitora distintos do subgobernador.

O director xeral do FROB poderá asistir ás sesións da Comisión Reitora, con voz pero sen voto. Así mesmo, a Comisión Reitora poderá autorizar a participación nas súas sesións de observadores, sempre que tal participación non xere conflitos de interese que poidan interferir no desenvolvemento polo FROB das funcións previstas neste real decreto lei. A propia Comisión Reitora establecerá os termos en que se debe desenvolver a participación destes observadores que, en todo caso, carecerán de voto e quedarán sometidos ao deber de segredo.

2. As funcións de secretario da Comisión Reitora serán exercidas pola persoa que esta designe conforme o previsto no Regulamento de réxime interno do FROB.

3. Os membros da Comisión Reitora cesarán na súa condición de tales polas causas seguintes:

- a) Cesamento nos respectivos cargos.
- b) Cesamento acordado pola Comisión Executiva do Banco de España, no caso dos membros designados por esa comisión diferentes do subgobernador.

4. A Comisión Reitora reunirse cada vez que sexa convocada polo seu presidente, por propia iniciativa ou por instancia de calquera dos seus membros. Estará, así mesmo, facultada para establecer o seu propio réxime de convocatorias.

5. Á Comisión Reitora correspóndelle adoptar as decisións relativas ás potestades e funcións atribuídas ao FROB, sen prexuízo das delegacións ou apoderamentos que considere conveniente aprobar para o seu debido exercicio. En todo caso, non serán delegables as seguintes funcións:

a) As funcións atribuídas ao FROB para a aprobación dos plans de reestruturación e resolución de entidades e as accións de xestión de instrumentos híbridos de capital e de débeda subordinada.

b) A aprobación da decisión de realizar as operacións de financiamento previstas no artigo 51.2.

c) A aprobación das contas anuais do FROB, que se remitirán anualmente ao ministro de Economía e Competitividade e á Intervención Xeral da Administración do Estado para a súa integración na Conta Xeral do Estado e o seu traslado ao Tribunal de Contas, así como do informe que se debe elevar ao ministro de Economía e Competitividade para a súa remisión á Comisión de Economía e Competitividade do Congreso dos Deputados.

6. Para a válida constitución da Comisión Reitora para efectos da realización de sesións, deliberacións e adopción de acordos, será necesaria a asistencia polo menos da metade dos seus membros con dereito de voto. Os seus acordos adoptaranse por maioría dos membros asistentes e terá voto de calidade o presidente en caso de empate no número de votos.

7. A Comisión Reitora aprobará un regulamento de réxime interno do FROB onde se recollerán as regras esenciais da súa actuación no ámbito económico, financeiro, patrimonial, orzamentario, contable, organizativo e procedemental. As normas recollerán as liñas básicas da súa política de propiedade sobre as entidades de crédito ás cales proporcionase apoio financeiro público e incluírán mecanismos internos de control do

gobierno do FROB. Estas normas asentaranse sobre os principios de boa xestión, obxectividade, transparencia, concorrencia e publicidade.

Artigo 53. Director xeral do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria.

1. O FROB contará cun director xeral que desenvolverá as funcións executivas, de dirección e xestión ordinaria do Fondo, e cantas outras lle delegue a Comisión Reitora.

Será nomeado e separado por real decreto do Consello de Ministros, por proposta do ministro de Economía e Competitividade e logo de consulta ao gobernador do Banco de España, entre persoas con capacidade, preparación técnica e experiencia suficientes para desenvolver as funcións propias deste cargo.

2. Corresponderá ao director xeral do FROB o exercicio das seguintes funcións:

a) Impulsar e supervisar todas as operacións que conforme este real decreto lei deba executar o FROB.

b) Dirixir a xestión ordinaria, económica e administrativa do FROB.

c) Formular, someter a verificación por auditor de contas e elevar para a súa aprobación pola Comisión Reitora as contas anuais do FROB.

d) Propor á Comisión Reitora a adopción das decisións que a esta lle corresponden conforme o previsto neste real decreto lei, sen prexuízo de que a Comisión Reitora poida tamén adoptalas de oficio.

e) Executar os acordos da Comisión Reitora e cantas funcións lle delegue esta, de acordo co previsto no artigo 52.5.

f) Render contas á Comisión Reitora do exercicio das súas funcións.

Artigo 54. Control parlamentario.

1. Con periodicidade trimestral, o presidente da Comisión Reitora do FROB comparecerá ante a Comisión de Economía e Competitividade do Congreso dos Deputados, co fin de informar sobre a evolución das actividades do FROB e sobre os elementos fundamentais da súa actuación económico-financeira.

Adicionalmente, o presidente da Comisión Reitora do FROB comparecerá, nas condicións que determine a Comisión de Economía e Competitividade do Congreso dos Deputados, para informar especificamente sobre as medidas de reestruturación ou de resolución implementadas por parte de tal Fondo.

2. A Comisión Reitora elevará aos ministros de Facenda e Administracións Públicas e de Economía e Competitividade un informe trimestral sobre a xestión e actuación do FROB, en que se dará debida conta, entre outros aspectos, das actuacións de carácter económico e orzamentario de maior impacto acometidas polo FROB durante o citado período. O ministro de Economía e Competitividade dará traslado dese informe á Comisión de Economía e Competitividade do Congreso dos Deputados.

Artigo 55. Cooperación e coordinación con outras autoridades competentes nacionais.

1. O FROB colaborará coas autoridades que teñan encomendadas funcións relacionadas coa supervisión, a reestruturación ou a resolución de entidades financeiras, en particular, co Banco de España, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, as autoridades designadas polas comunidades autónomas para realizar algunha de tales funcións, o Consorcio de Compensación de Seguros, o Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito e o Fondo de Garantía de Investmentos. Para tal efecto poderá concluír con elas os oportunos convenios de colaboración, así como solicitar canta información sexa necesaria para o exercicio das competencias que ten atribuídas.

Así mesmo, o FROB facilitará ás autoridades a que se refire o parágrafo anterior a información que resulte necesaria para o exercicio das súas competencias conforme a normativa vixente.

2. En caso de resolución de entidades de crédito que pertencen a un grupo ou conglomerado financeiro:

a) O FROB, ao adoptar as medidas e exercer as facultades que para o efecto lle confire este real decreto lei, minimizará o impacto que tales medidas e facultades poidan ter eventualmente no resto das entidades do grupo ou conglomerado e no grupo ou conglomerado no seu conxunto.

b) O Banco de España e o FROB, cada un no marco das súas respectivas competencias, asumirán a función de coordinadores da resolución cando o Banco de España teña encomendadas as funcións de vixilancia e supervisión do grupo consolidable en que se integre a entidade dominante do conglomerado ou, no seu defecto, da propia entidade dominante considerada individualmente.

Artigo 56. Cooperación e coordinación con outras autoridades competentes internacionais.

1. No exercicio das súas competencias e, en particular, en caso de reestruturación ou de resolución de entidades de crédito que pertencen a grupos internacionais, o FROB colaborará coas institucións da Unión Europea, incluíndo a Autoridade Bancaria Europea, e as autoridades estranxeiras que teñan encomendadas funcións relacionadas coa supervisión, a reestruturación ou a resolución de entidades financeiras, e para tal efecto poderá concluír con elas os oportunos acordos de colaboración, así como intercambiar información na medida necesaria para o exercicio das competencias que teñen atribuídas en relación coa planificación e execución de medidas de actuación temperá, de reestruturación ou de resolución. En particular, o FROB poderá participar nos colexios de autoridades de resolución que se poidan establecer para asegurar a necesaria cooperación e coordinación con autoridades de resolución estranxeiras.

2. En caso de que as autoridades estranxeiras competentes non pertencen a un Estado membro da Unión Europea, o intercambio de información exixirá que exista reciprocidade, que as autoridades competentes estean sometidas ao deber de segredo en condicións que, como mínimo, sexan equiparables ás establecidas polas leis españolas e que a información sexa necesaria para o exercicio pola autoridade estranxeira de funcións relacionadas coa supervisión, reestruturación ou resolución de entidades financeiras que, baixo a súa normativa nacional, sexan equiparables ás establecidas polas leis españolas.

A transmisión de información reservada ás autoridades mencionadas no parágrafo anterior estará condicionada, cando a información se orixinase noutro Estado membro da Unión Europea, á conformidade expresa da autoridade que a revelase, e a información poderá ser comunicada unicamente para os efectos para os cales esa autoridade dese a súa conformidade.

3. En caso de resolución de entidades de crédito que pertencen a un grupo ou conglomerado financeiro que opere tamén noutros Estados membros da Unión Europea e cuxa supervisión consolidada non corresponda a autoridades españolas, antes de declarar a apertura dun proceso de resolución, o Banco de España consultará a autoridade da Unión Europea responsable da supervisión consolidada do grupo a que pertenza a entidade.

O Banco de España poderá non levar a cabo a consulta citada no parágrafo anterior en caso de urxencia, ou cando entenda que a consulta pode comprometer a eficacia das correspondentes medidas. Nestes casos, informará sen demora a autoridade competente das medidas adoptadas.

O Banco de España promoverá as actuacións necesarias que faciliten a adopción dunha decisión conxunta coas autoridades de resolución doutros Estados membros da Unión Europea.

4. En caso de resolución de entidades de crédito que pertencen a un grupo ou conglomerado financeiro que opere tamén noutros Estados membros da Unión Europea, o FROB, ao adoptar medidas e exercer as facultades que para o efecto lle confire este real decreto lei, minimizará os efectos prexudiciais que tales medidas e facultades poidan ter eventualmente na estabilidade do sistema financeiro da Unión Europea e, en particular, na dos Estados membros da Unión Europea onde opera o grupo ou conglomerado.

Artigo 57. Deber de segredo.

1. Os datos, documentos e informacións que consten en poder do FROB en virtude das funcións que lle encomenda este real decreto lei terán carácter reservado e, coas excepcións previstas na normativa vixente, non poderán ser divulgados a ningunha persoa ou autoridade, nin utilizados con finalidades distintas daquelas para as cales se obtiveron. Este carácter reservado cesará desde o momento en que os interesados fagan públicos os feitos a que os datos, documentos e informacións se refiren.

2. As autoridades e persoas que, de conformidade co disposto nos artigos anteriores, poidan recibir información do FROB, así como os auditores de contas, asesores legais e demais expertos independentes que poidan ser designados polo FROB en relación coa planificación e execución de medidas de actuación temperá, reestruturación e resolución, quedarán tamén obrigadas a gardar segredo e a non utilizar a información recibida con finalidades distintas daquela para a cal lles foi subministrada.

3. Sen prexuízo do disposto no artigo 56.1, serán de aplicación ao FROB con carácter supletorio as disposicións sobre confidencialidade e segredo aplicables ao Banco de España e, en particular, as establecidas no artigo 6 do Real decreto legislativo 1298/1986, do 28 de xuño, sobre adaptación do dereito vixente en materia de entidades de crédito ao das comunidades europeas, e no número 1 da disposición adicional quinta do Real decreto lei 21/2012, do 13 de xullo, de medidas de liquidez das administracións públicas e no ámbito financeiro.

Artigo 58. Aplicación da normativa de competencia.

No exercicio das súas competencias, o FROB e o Banco de España minimizarán as distorsións que as súas medidas poidan provocar nas condicións de competencia, cumprindo para o efecto coa normativa española e da Unión Europea en materia de competencia e axudas de Estado. Para tal efecto, o FROB e o Banco de España colaborarán coa Comisión Europea proporcionándolle a información necesaria no marco dos procedementos de autorización previstos na normativa da Unión Europea en materia de competencia e axudas de Estado.

Artigo 59. Adopción de recomendacións internacionais.

No exercicio das súas competencias e sempre que non resulten contraditorias coas disposicións deste real decreto lei e a normativa vixente, o FROB poderá tomar en consideración as recomendacións, directrices, normas técnicas e demais iniciativas que se desenvolvan a nivel internacional no ámbito da reestruturación e resolución de entidades de crédito e, en particular, as adoptadas pola Comisión Europea e pola Autoridade Bancaria Europea.

*Sección 2.^a Facultades do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria**Artigo 60. Facultades do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria.*

O FROB exercerá as facultades necesarias para a aplicación dos instrumentos e medidas previstos neste real decreto lei. Estas facultades serán de natureza mercantil ou administrativa.

Artigo 61. Facultades mercantís.

O FROB exercerá as facultades que a lexislación mercantil confire con carácter xeral:

- a) Ao órgano de administración da entidade, cando asuma tal condición.
- b) Aos accionistas ou titulares de calquera valor ou instrumento financeiro, cando o FROB subscribise ou adquirise tales valores ou instrumentos.

c) Á xunta ou asemblea xeral nos supostos en que esta obstaculice ou rexeite a adopción dos acordos necesarios para levar a efecto as medidas de reestruturación ou de resolución, así como nos supostos en que por razóns de extraordinaria urxencia non sexa posible cumprir os requisitos exixidos pola normativa vixente para a válida constitución e adopción de acordos pola xunta ou asemblea xeral. En tales supostos, entenderanse atribuídas ao FROB todas aquelas facultades que legal ou estatutariamente poidan corresponder á xunta ou asemblea xeral da entidade e que resulten necesarias para o exercicio das funcións previstas neste real decreto lei en relación coa reestruturación e resolución de entidades de crédito.

Artigo 62. *Facultades administrativas xerais.*

O FROB disporá das seguintes facultades de carácter administrativo, ademais das restantes previstas neste real decreto lei:

a) Determinar o valor económico da entidade ou dos seus correspondentes activos e pasivos, para efectos da aplicación das medidas e instrumentos previstos neste real decreto lei.

b) Requirir a calquera persoa calquera información necesaria para preparar e adoptar ou aplicar unha medida ou instrumento de reestruturación ou de resolución.

c) Ordenar a transmisión das accións, cotas participativas ou achegas ao capital social ou, con carácter xeral, instrumentos representativos do capital ou equivalente da entidade ou convertibles neles, calquera que sexa o seu titular, así como dos activos e pasivos da entidade.

d) Realizar operacións de aumento ou redución de capital, e de emisión e amortización total ou parcial de obrigacións, cotas participativas e calquera outro valor ou instrumento financeiro, así como as modificacións estatutarias relacionadas con estas operacións, e poderá determinar a exclusión do dereito de subscripción preferente nos aumentos de capital, mesmo nos supostos previstos no artigo 343 da Lei de sociedades de capital, ou emisión de cotas participativas.

e) Realizar accións de xestión de instrumentos híbridos de capital e de débeda subordinada.

f) Determinar os instrumentos en que se concreten as medidas de reestruturación ou resolución, incluíndo, en particular, as que supoñan modificacións estruturais da entidade, as de disolución e liquidación da entidade.

g) Dispor de forma inmediata, logo de informe da Comisión Nacional do Mercado de Valores, o traslado dos valores depositados na entidade a outra entidade habilitada para desenvolver esta actividade, incluso se tales activos se encontran depositados en terceiras entidades a nome da entidade que presta o servizo de depósito.

Para estes efectos, o FROB, na súa condición de administrador da entidade, adoptará as medidas necesarias para facilitar o acceso da entidade á cal se vaian ceder os depósitos dos valores ou a súa custodia á documentación e rexistros contables e informáticos necesarios para facer efectiva a cesión.

h) Exercer, en relación coa transmisión de valores, instrumentos financeiros, activos ou pasivos da entidade, todas ou algunha das facultades seguintes:

i) Obrigar a entidade e o adquirente a facilitar a información e asistencia necesarias.

ii) Requirir a calquera entidade do grupo a que pertenza a entidade a que proporcione ao adquirente os servizos operativos necesarios para permitir a este operar de maneira efectiva o negocio transmitido. Cando a entidade do grupo xa estea prestando eses servizos á entidade, continuará a prestalos nos mesmos termos e condicións e, en caso contrario, prestaraos en condicións de mercado.

Artigo 63. *Carácter executivo das medidas.*

1. Sen prexuízo dos requisitos previstos neste real decreto lei e das obrigacións formais de constancia en escritura pública, inscrición ou publicidade que, de ser o caso,

poidan ser exixidas pola normativa vixente, a execución dos actos administrativos ditados polo FROB para a aplicación dos instrumentos previstos nos capítulos III e IV, así como dos acordos adoptados ao abeiro do artigo 61.c), non estará suxeita á aprobación, ratificación, consentimento, non oposición ou calquera outro trámite ou requisito, incluíndo a notificación, por parte da xunta ou asemblea xeral, aos accionistas da entidade, obrigacionistas, cotaparticipes, acredores, debedores, contrapartes ou calquera outro terceiro ou autoridade, e tales actos serán inmediatamente eficaces desde a súa adopción, e con independencia de que o trámite ou requisito correspondente veña imposto pola normativa vixente ou sexa exixible contractualmente.

2. A execución deses actos tampouco se poderá ver afectada polas normas sobre segredo bancario.

Artigo 64. *Outras condicións aplicables.*

A adopción de calquera medida de actuación temperá, de reestruturación ou de resolución, non constituirá por si mesma un suposto de incumprimento nin permitirá por si mesma a ningunha contraparte declarar o vencemento ou resolución anticipada da correspondente operación ou contrato, ou instar a execución ou a compensación de calquera dereito ou obriga que derive da operación ou do contrato; as cláusulas que así o establezan consideraranse como non postas.

Malia o disposto no parágrafo anterior, a contraparte poderá declarar, nos termos e condicións establecidos no correspondente contrato, o vencemento ou resolución anticipada do contrato ou a correspondente operación como consecuencia dun suposto de incumprimento anterior ou posterior á adopción ou exercicio da correspondente medida ou facultade e non vinculado necesariamente con esta.

Artigo 65. *Condicións aplicables ás operacións financeiras e acordos de compensación contractual.*

1. No que respecta ás operacións financeiras e acordos de compensación contractual a que se refire a sección 2ª do capítulo II do título I do Real decreto lei 5/2005, do 11 de marzo, resultará de aplicación o disposto no artigo 68.3. Así mesmo, resultará de aplicación a estas operacións e acordos o disposto nas alíneas segunda e terceira do artigo 68.3 mesmo cando o FROB non fixese uso da facultade de suspensión a que se refire este artigo.

En consecuencia, a adopción de instrumentos de resolución ou o exercicio das facultades necesarias para executar tales instrumentos, non constituirán por si mesmos un suposto de incumprimento nin permitirán por si mesmos ás contrapartes das correspondentes operacións e acordos declarar o seu vencemento ou resolución anticipada, ou instar a súa execución ou a compensación de calquera dereito ou obriga relacionados con esas operacións e acordos, salvo se finalmente a operación ou acordo non é transmitido ao adquirente ou banco ponte.

2. As operacións mediante as cales se instrumenten as medidas de resolución incluíndo, entre outras, os instrumentos enumerados no artigo 25 e no capítulo VI, así como a xestión de instrumentos híbridos de capital e de débeda subordinada, non serán rescindibles ao abeiro do previsto no artigo 71 da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.

Artigo 66. *Medidas de urxencia.*

Por razóns de urxencia e co fin de garantir os obxectivos previstos no artigo 3, o FROB poderá:

a) Adoptar, previamente á aprobación do correspondente plan de reestruturación ou de resolución, os instrumentos previstos nas letras a) e b) do artigo 25 e os instrumentos de apoio financeiro nos termos previstos no capítulo V así como, no marco do establecido na normativa española e da Unión Europea en materia de competencia e axudas de Estado e tendo en conta o principio da utilización máis eficiente dos recursos públicos e a

minimización dos apoios financeiros públicos, proporcionar liquidez á entidade de carácter transitorio até a aprobación do correspondente plan.

A execución destas medidas deberá ser autorizada polo Banco de España, que as valorará no marco das competencias a que se refiren os artigos 15 e 24, segundo corresponda, sendo de aplicación o previsto nos números 6 e 5, respectivamente, de tales artigos.

b) Empregar un procedemento de estimación do valor económico da entidade en que non se requiran informes de expertos independentes, para os efectos da valoración a que se refire o artigo 5 e para a aplicación de medidas de reestruturación e resolución.

Artigo 67. *Publicidade.*

1. O FROB realizará as actuacións necesarias para dar publicidade ás medidas adoptadas en virtude dos capítulos III e IV e, en particular, á aplicación dos instrumentos de resolución e ao exercicio das facultades correspondentes, coa finalidade de que estas poidan ser coñecidas polos accionistas, acredores ou terceiros que se poidan ver afectados polas correspondentes medidas.

2. Sen prexuízo do disposto no número anterior, o FROB notificará as medidas adoptadas á entidade, ao Ministerio de Economía e Competitividade e ao Banco de España.

Así mesmo, cando resulte procedente, o FROB informará das medidas adoptadas a Autoridade Bancaria Europea e a autoridade da Unión Europea responsable da supervisión do grupo eventualmente afectado.

3. Durante a preparación das medidas de reestruturación e de resolución e, en particular, mentres se leva a cabo a valoración a que se refire o artigo 5 e durante as fases de estudo ou negociación de calquera operación en que se poida concretar a aplicación dalgún dos instrumentos de resolución, a entidade quedará eximida da obriga de facer pública e difundir calquera información que poida ter a consideración de información relevante para os efectos do disposto no artigo 82 da Lei 24/1988, do 28 de xullo.

Artigo 68. *Facultades de suspensión de contratos e garantías.*

1. O FROB poderá suspender, con carácter de acto administrativo, calquera obriga de pagamento ou entrega que derive de calquera contrato suscrito pola entidade por un prazo máximo que se inicia coa publicación do exercicio desta facultade até as cinco da tarde do día hábil seguinte.

O previsto no parágrafo anterior non resultará de aplicación aos depósitos abertos na entidade.

2. Sen prexuízo do disposto no capítulo VII, o FROB poderá, con carácter de acto administrativo, impedir ou limitar a execución de garantías sobre calquera dos activos da entidade polo período de tempo limitado que o FROB considere necesario para alcanzar os obxectivos de resolución.

3. O FROB poderá, con carácter de acto administrativo, suspender o dereito das contrapartes a declarar o vencemento ou resolución anticipada ou a instar a execución ou compensación de calquera dereito ou obriga relacionados coas operacións financeiras e acordos de compensación contractual a que se refire a sección 2.^a do capítulo II do título I do Real decreto lei 5/2005, do 11 de marzo, como consecuencia da adopción de calquera medida de resolución, reestruturación ou actuación temperá, por un prazo máximo que se inicia coa publicación do exercicio desta facultade até as cinco da tarde do día hábil seguinte.

Ao finalizar ese prazo, se os activos ou pasivos a que se refiren as correspondentes operacións financeiras e acordos de compensación contractual foron transmitidos a un terceiro, a contraparte non poderá declarar o vencemento ou resolución anticipada ou instar a execución ou compensación dos dereitos ou obriga relacionados con esas

operacións e acordos se os activos e pasivos foron transmitidos de conformidade cos instrumentos de resolución.

Malia o disposto no parágrafo anterior, a contraparte poderá declarar, nos termos e condicións establecidos nos correspondentes acordos de garantía ou de compensación contractual, o vencemento ou resolución anticipada deses acordos ou as correspondentes operacións e instar a súa execución ou a compensación dos dereitos ou obrigacións relacionados con esas operacións e acordos como consecuencia dun suposto de incumprimento anterior ou posterior á transmisión e non vinculado con esta.

CAPÍTULO IX

Réxime procesual

Artigo 69. *Recurso contra as decisións e acordos do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria adoptadas consonte o artigo 61.*

1. As decisións e acordos que adopte o FROB ao abeiro do artigo 61 serán unicamente impugnables de acordo coas normas e cos procedementos previstos para a impugnación de acordos sociais das sociedades de capital que sexan contrarios á lei. A acción de impugnación caducará, en todo caso, no prazo de quince días contado desde o momento en que o FROB proceda a dar publicidade ás citadas actuacións de acordo co disposto no artigo 23 deste real decreto lei.

2. Os accionistas, socios, obrigacionistas, cotapartícipes, acredores ou calquera outro terceiro que consideren que os seus dereitos e intereses lexítimos se viron lesionados polas decisións adoptadas polo FROB na súa condición de administrador poderán solicitar, de acordo co artigo 241 da Lei de sociedades de capital, que se lles indemnicen os danos e perdas sufridos. Non se poderá exercer a acción social de responsabilidade respecto das actuacións realizadas polo FROB no marco do proceso de reestruturación ou resolución da entidade.

3. En caso de que, de conformidade co artigo 70, se interpuxese recurso contencioso-administrativo contra algún dos actos que poida ditar o FROB ao abeiro deste real decreto lei, o xuíz do mercantil suspenderá o procedemento iniciado en virtude deste artigo até a resolución do recurso contencioso-administrativo, cando o acto administrativo impugnado dese cobertura ás decisións adoptadas polo FROB ao abeiro do artigo 61.

Artigo 70. *Especialidades do recurso contra as decisións e actos administrativos ditados no marco de procesos de actuación temperá, reestruturación e resolución.*

1. A aprobación polo Banco de España dos plans de actuación temperá, de reestruturación e de resolución porá fin á vía administrativa e poderase recorrer contra el ante a Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional. Na impugnación da aprobación dos citados plans poderán ser demandados conxuntamente o Banco de España e o FROB, ben que a actuación procesual e a eventual responsabilidade de cada un deles quedarán circunscritas ao ámbito de competencias que lles son propias.

2. Os actos e decisións do FROB ditados no marco de procesos de actuación temperá, reestruturación e resolución, porán fin á vía administrativa e poderase recorrer contra eles ante a Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional.

Artigo 71. *Especialidades do recurso contra as decisións e actos administrativos ditados en materia de xestión de instrumentos híbridos de capital e de débeda subordinada.*

1. Estarán lexitimados para interpor o recurso contencioso-administrativo contra os actos e decisións do FROB en materia de xestión de instrumentos híbridos de capital e de débeda subordinada:

a) Os accionistas ou socios da entidade de crédito emisora dos instrumentos híbridos de capital e de débeda subordinada que representen, polo menos, un 5% do

capital social e, de ser o caso, a entidade integramente participada a través da cal se instrumentase a emisión.

b) Os titulares de valores incluídos no ámbito de aplicación da acción de xestión de instrumentos híbridos de capital e de débeda subordinada.

c) O comisario ou representante do sindicato ou asemblea que agrupe os titulares dos valores dunha determinada emisión afectada pola acción, sempre que este estea facultado para iso en virtude dos termos e condicións da dita emisión e das regras que regulen o funcionamento de tal sindicato ou asemblea.

2. O auto polo cal, de ser o caso, se acorde a adopción de medidas cautelares deberase publicar no «Boletín Oficial del Estado» e a entidade de crédito, o Banco de España e o FROB darán a mesma publicidade a ese auto que á acción de xestión de instrumentos híbridos de capital e de débeda subordinada.

3. No caso de que o recurso contencioso-administrativo interposto por titulares de valores incluídos no ámbito de aplicación da acción de xestión de instrumentos híbridos de capital e de débeda subordinada ou polo comisario ou representante do sindicato ou asemblea que os agrupe sexa estimado, a resolución unicamente terá efectos con respecto á emisión ou emisións en que investisen.

4. A entidade de crédito e o FROB darán a mesma publicidade á sentenza que á acción de xestión de instrumentos híbridos de capital e de débeda subordinada.

Artigo 72. Imposibilidade de execución de sentenza ditada nos recursos contencioso-administrativos a que se refiren os artigos 70 e 71.

1. O Banco de España ou o FROB poderán alegar ante a autoridade xudicial as causas que determinen a imposibilidade material de executar unha sentenza que declare contraria a dereito algunha das decisións ou dos actos previstos nos artigos 70 e 71. O xuíz ou tribunal apreciará a concorrencia ou non de tales causas e fixará, de ser o caso, a indemnización que se deba satisfacer de acordo co criterio de atribución de responsabilidade fixado no artigo 70. O importe da citada indemnización alcanzará, como máximo, a diferenza entre o dano efectivamente sufrido polo recorrente e a perda que tería soportado en caso de que, no momento de se adoptar a correspondente decisión ou acordo, se producise a liquidación da entidade no marco dun procedemento concursal.

2. Ao valorar as causas que determinan a imposibilidade material de executar unha sentenza, de acordo co previsto no número anterior, o xuíz ou tribunal deberá ter particularmente en conta:

a) O volume especialmente significativo ou a complexidade das operacións afectadas ou que se poidan ver afectadas.

b) A existencia de prexuízos que, de se executar a sentenza nos seus estritos termos, derivarían para a entidade e para a estabilidade do sistema financeiro.

c) A existencia de dereitos ou intereses lexítimos doutros accionistas, socios, obrigacionistas, cotaparticipes, acredores ou calquera outro terceiro, amparados polo ordenamento xurídico.

Disposición adicional primeira. Dotación do FROB.

A dotación do FROB a que se refire o artigo 51.1 en ningún caso poderá supor o desembolso de maiores contías ca as previstas inicialmente con cargo aos orzamentos xerais do Estado no Real decreto lei 9/2009, do 26 de xuño, sobre reestruturación bancaria e reforzamento dos recursos propios das entidades de crédito, e na disposición adicional cuarta do Real decreto lei 2/2012, do 3 de febreiro, de saneamento do sector financeiro.

Para os efectos de liquidar a participación do Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito no Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria, pola achega que realizaron os fondos de garantía de depósitos en establecementos bancarios, caixas de aforro e cooperativas de crédito na constitución do Fondo, en virtude do Real decreto lei

9/2009, do 26 de xuño, terase en conta o patrimonio neto resultante das contas anuais correspondentes ao exercicio 2011.

Disposición adicional segunda. *Ingresos anticipados do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria ao Tesouro Público.*

Sen prexuízo do previsto no artigo 51.3, o Tesouro Público poderá solicitar ao FROB o ingreso anticipado de calquera recurso xerado durante o exercicio anual.

Disposición adicional terceira. *Constitución e réxime das actuacións da Intervención Delegada da Intervención Xeral da Administración do Estado no FROB.*

1. Para o exercicio das funcións de control financeiro permanente a que se refire o artigo 50.4 constituirase unha Intervención Delegada da Intervención Xeral da Administración do Estado no FROB. A dotación de persoal na citada Intervención Delegada realizarase unicamente co persoal de que dispoña na actualidade a Intervención Xeral da Administración do Estado, mediante reasignación de efectivos.

2. En relación con calquera actuación de control sobre as operacións e actividades do FROB que poidan corresponder á Intervención Xeral da Administración do Estado en virtude do disposto neste real decreto lei, será de aplicación o artigo 145 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Disposición adicional cuarta. *Beneficios fiscais no imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados para operacións do FROB.*

Non será de aplicación a excepción á exención prevista no artigo 108.2 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, ás operacións consecuencia da intervención do FROB, reguladas nos artigos 26, 27 e 35 deste real decreto lei, incluídas aquelas en que os obrigados tributarios sexan os bancos pontes, as sociedades de xestión de activos ou os terceiros que adquiren valores derivados das intervencións do Fondo.

Disposición adicional quinta. *Efectos dos procesos de actuación temperá, reestruturación e de resolución sobre a continuidade das actividades das entidades de crédito.*

1. Desde a apertura dos procesos de reestruturación e resolución, os xuíces non poderán admitir as solicitudes de concurso da entidade de crédito. Tales actuacións serán nulas de pleno dereito.

2. Solicitado o concurso dunha entidade de crédito, o xuíz do mercantil, suspendendo a tramitación da solicitude, notificarallo ao FROB para que no prazo de catorce días lle comunique se vai abrir un proceso de reestruturación ou de resolución da entidade. En caso de que se vaia abrir calquera destes dous procesos, o xuíz do mercantil non admitirá aquela solicitude.

3. A aplicación dos instrumentos de resolución e as accións de xestión de instrumentos híbridos de capital e de débeda subordinada polo FROB terán a consideración de medidas de saneamento para os efectos do disposto na Lei 6/2005, do 22 de abril, sobre saneamento e liquidación das entidades de crédito.

4. A implementación polo FROB ou polo Banco de España das medidas e facultades previstas neste real decreto lei non terá a condición de procedemento de insolvencia para efectos do disposto na Lei 41/1999, do 12 de novembro, sobre sistemas de pagamentos e de liquidación de valores, nin suporá por si mesma un suposto de execución para efectos do disposto no artigo décimo primeiro do Real decreto lei 5/2005, do 11 de marzo, de reformas urxentes para o impulso á produtividade e para a mellora da contratación pública.

5. Así mesmo, a implementación de calquera medida ou facultade das anteriores non afectará o funcionamento dos sistemas españois de pagamentos e de compensación e liquidación de valores e instrumentos financeiros recoñecidos en virtude da Lei 41/1999, do 12 de novembro, incluíndo os réximes xestionados polas entidades de contrapartida

central nos termos do artigo 44 ter da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, nin en particular, a irrevogabilidade, firmeza e validez das ordes de liquidación ou a súa compensación, nin os fondos, valores ou compromisos a que se refire a citada lei, nin as garantías constituídas a favor dos xestores do sistema ou as entidades participantes. Tampouco afectará o exercicio do dereito de compensación ou a execución das garantías constituídas a favor do Banco de España, o Banco Central Europeo ou calquera banco central nacional da Unión Europea.

Disposición adicional sexta. *Réxime xurídico do outorgamento de avais en garantía das obrigacións económicas exixibles ao Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria.*

1. Ao abeiro do establecido no artigo 114 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, autorízase a Administración xeral de Estado, con suxeición ás condicións previstas nesta disposición adicional, a outorgar avais en garantía das obrigacións económicas exixibles ao Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria, derivadas das emisións de instrumentos financeiros, da concertación de operacións de préstamo e crédito, así como da realización de calquera outra operación de endebedamento que realice o dito Fondo.

2. Os importes máximos para o outorgamento de avais serán os que determinen as correspondentes leis de orzamentos xerais do Estado.

3. O outorgamento dos avais, que non xerarán ningunha comisión, deberá ser acordado polo ministro de Economía e Competitividade, de acordo co establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, e só se poderá efectuar até a data da extinción do Fondo.

4. De se producir a execución do aval, sempre que se inste dentro dos cinco días naturais seguintes á data de vencemento da obrigación garantida, o Estado satisfará unha compensación aos titulares lexítimos dos valores garantidos, sen prexuízo das cantidades que deba aboar en virtude do aval. O importe desta compensación será o resultante de aplicar ao pagamento en que consista a execución do aval o tipo de xuro Euro Over Night Average publicado polo Banco de España ou o que, de ser o caso, determine o ministro de Economía e Competitividade, do día do vencemento da obrigación garantida polo número de días que transcorran entre esta data e a de pagamento efectivo polo avalista, sobre a base dun ano de 360 días.

5. Autorízase o ministro de Economía e Competitividade para establecer as condicións e o procedemento para facer efectiva esta compensación.

6. Autorízase o secretario xeral do Tesouro e Política Financeira a realizar os pagamentos correspondentes tanto á execución do aval como a esta compensación mediante operacións de Tesouraría con cargo aos conceptos específicos que se creen para tal fin.

Con posterioridade á súa realización, a Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira procederá á aplicación ao orzamento de gastos dos pagamentos realizados no exercicio. Os pagamentos efectuados no mes de decembro de cada ano aplicaranse ao orzamento de gastos no trimestre inmediatamente seguinte.

Disposición adicional sétima. *Creación da Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria.*

1. No prazo de tres meses desde a entrada en vigor deste real decreto lei, o FROB constituirá, baixo a denominación de Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria, S.A., unha sociedade de xestión de activos destinada a adquirir os activos daquelas entidades que o FROB determine, conforme o previsto no capítulo VI.

2. Esta sociedade terá por obxecto exclusivo a tenza, xestión e administración directa ou indirecta, adquisición e alleamento dos activos que lle transfiran as entidades de crédito que se determinan na disposición adicional novena, así como daqueles que poida adquirir no futuro. Para os efectos do cumprimento co seu obxecto, a sociedade actuará en todo momento de forma transparente.

3. Esta sociedade constituirase por un período de tempo limitado que se determinará nos seus estatutos.

4. Poderán adquirir a condición de accionistas da sociedade, ademais do FROB, o Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito, as entidades de crédito, as demais entidades cualificadas como financeiras de conformidade co artigo 3.3 da Lei 25/2005, do 24 de novembro, reguladora das entidades de capital risco e as súas sociedades xestoras, outros investidores institucionais e as entidades que regulamentariamente se determinen.

En ningún caso a participación pública poderá ser igual ou superior ao cincuenta por cento do capital da sociedade. Entenderase por participación pública o conxunto das participacións directas ou indirectas que posúan as unidades institucionais públicas, tal e como se definen no Sistema Europeo de Contas Nacionais.

5. Para ter a condición de membro do consello de administración, requiriranse as condicións da honorabilidade comercial e profesional requirida para exercer a actividade bancaria. Os estatutos disporán, así mesmo, a existencia dun número suficiente de conselleiros independentes, de acordo co establecido regulamentariamente.

6. En caso de que a adecuada xestión da sociedade de xestión de activos así o faga conveniente, o FROB poderá constituír unha sociedade xestora cuxo obxecto consistirá na xestión e administración do patrimonio da sociedade de xestión de activos, a que representará, de ser o caso, nas operacións do seu tráfico ordinario, con vistas á realización do citado patrimonio nas mellores condicións posibles, dentro do termo de duración da citada sociedade de xestión de activos. Esta sociedade xestora adaptará o seu réxime xurídico ao disposto na Lei de sociedades de capital e nas demais normas do ordenamento xurídico-privado. Serán aplicables á sociedade xestora os números 4 e 5 desta disposición adicional.

7. A sociedade de xestión de activos ou, de ser o caso, a sociedade xestora, remitirá ao FROB canta información este lles requira relativa á súa actividade e á súa adecuación ao previsto neste real decreto lei.

Disposición adicional oitava. *Activos que se transmitirán á Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria.*

1. Regulamentariamente determinaranse os activos que transmitirán, nos termos previstos no capítulo VI deste real decreto lei, as entidades de crédito a que se refire a disposición adicional novena.

2. No caso de que, de acordo co previsto no número anterior, os activos que se vaian transmitir comprendan total ou parcialmente activos regulados polo capítulo II do Real decreto lei 18/2012, do 11 de maio, sobre saneamento e venda dos activos inmobiliarios do sector financeiro, a transmisión á sociedade de xestión de activos de acordo co disposto neste artigo dará cumprimento ás obrigacións previstas no artigo 3.1 do Real decreto lei 18/2012, do 11 de maio.

3. O conxunto de activos obxecto de transmisión á sociedade de xestión de activos incluírá as accións ou participacións sociais nas sociedades de xestión de activos reguladas polo capítulo II do Real decreto lei 18/2012, do 11 de maio, na medida en que, na data en que se deba producir o traspaso á sociedade, xa se producise o dito traspaso, de conformidade co artigo 3.1 do Real decreto lei 18/2012, do 11 de maio.

Disposición adicional novena. *Entidades obrigadas a transmitir activos á Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria.*

Estarán obrigadas a transmitir os activos recollidos na disposición adicional oitava á sociedade de xestión de activos, as entidades de crédito que na entrada en vigor deste real decreto lei se encontren maioritariamente participadas polo FROB ou que, a xuízo do Banco de España e tras a avaliación independente das necesidades de capital e calidade dos activos en curso na entrada en vigor deste real decreto lei, vaian requirir a apertura dun proceso de reestruturación ou de resolución dos previstos neste real decreto lei.

Disposición adicional décima. *Patrimonios separados.*

1. Nos termos que regulamentariamente se determinen, poderanse constituír agrupacións de activos e pasivos dunha sociedade de xestión de activos que constituirán patrimonios separados, carentes de personalidade xurídica, aínda que poidan resultar titulares de dereitos e obrigacións nos termos deste real decreto lei e demais lexislación aplicable.

2. Estas entidades adaptarán o seu réxime xurídico a este real decreto lei e á súa normativa de desenvolvemento e, subsidiariamente, á regulación de sociedades e fondos de capital risco, fondos de titulización e de titulización hipotecaria, en canto resulte de aplicación. Non lles serán en ningún caso de aplicación as normas sobre composición, cuantitativa ou cualitativa, do activo ou do pasivo que poidan ser de aplicación a outras entidades semellantes.

Disposición adicional décimo primeira. *Consecuencias das perdas en que incorran as entidades de crédito controladas polo FROB en relación co seu patrimonio neto.*

1. Non será de aplicación ás entidades de crédito nas cales o FROB posúa a posición de control ou a aquelas cuxo órgano de administración estea controlado polo FROB, a causa de disolución obrigatoria prevista na letra e) do número 1 do artigo 363 da Lei de sociedades de capital. Non lles resultará tampouco de aplicación nin a esas entidades nin aos seus administradores o réxime recollido na sección 2ª do capítulo I do título X da Lei de sociedades de capital.

2. Da mesma maneira, non resultará aplicable a estas entidades o previsto no artigo 327 da Lei de sociedades de capital sobre o carácter obrigatorio da redución de capital a causa de perdas que diminúan o patrimonio neto por debaixo das dúas terceiras partes da cifra de capital social.

3. Os referidos artigos da Lei de sociedades de capital serán novamente de aplicación, de ser o caso, desde o momento en que o FROB deixe de ter a posición de control ou de controlar o órgano de administración da entidade afectada, momento a partir do cal se comezarán a computar os prazos previstos nos artigos 327 e 365.1 da Lei de sociedades de capital, respectivamente.

Disposición adicional décimo segunda. *Contratación polo trámite de emerxencia no FROB.*

O FROB poderá aplicar a tramitación de emerxencia regulada no artigo 113 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, para a contratación daqueles servizos que resulten necesarios para garantir a eficacia das medidas adoptadas nos procesos de reestruturación e resolución das entidades de crédito.

Disposición adicional décimo terceira. *Comercialización a retallistas de participacións preferentes, instrumentos de débeda convertibles e financiamentos subordinados computables como recursos propios.*

A comercialización ou colocación entre clientes ou investidores retallistas de emisións de participacións preferentes, instrumentos de débeda convertibles ou financiamentos subordinados computables como recursos propios conforme a normativa de solvencia de entidades de crédito, exixirá o cumprimento dos requisitos seguintes:

a) A emisión debe contar cun tramo dirixido exclusivamente a clientes ou investidores profesionais de polo menos o cincuenta por cento do total desta, sen que o número total de tales investidores poida ser inferior a cincuenta, e sen que sexa de aplicación a este suposto o previsto no artigo 78 bis.3.e) da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

b) No caso de emisións de participacións preferentes, ou instrumentos de débeda convertibles de entidades que non sexan sociedades cotizadas, nos termos do artigo 495 da

Lei de sociedades de capital, o valor nominal unitario mínimo dos valores será de 100.000 euros. No caso das restantes emisións, o valor nominal unitario mínimo será de 25.000 euros.

Esta disposición ten a consideración de norma de ordenación e disciplina do mercado de valores e o seu incumprimento constitúe unha infracción moi grave conforme o previsto no título VIII da Lei 24/1988, do 28 de xullo.

Disposición adicional décimo cuarta. *Referencias ao Real decreto lei 9/2009, do 26 de xuño, sobre reestruturación bancaria e reforzamento dos recursos propios das entidades de crédito.*

As referencias que no ordenamento xurídico se realicen ao Real decreto lei 9/2009, do 26 de xuño, sobre reestruturación bancaria e reforzamento dos recursos propios das entidades de crédito, entenderanse efectuadas a este real decreto lei.

Disposición transitoria primeira. *Procesos de reestruturación en curso.*

1. O previsto no capítulo III deste real decreto lei resultará de aplicación aos procesos de reestruturación de entidades de crédito que, na data de entrada en vigor deste real decreto lei, se estean a desenvolver de conformidade co previsto no capítulo II do título I do Real decreto lei 9/2009, do 26 de xuño, sobre reestruturación bancaria e reforzamento dos recursos propios das entidades de crédito, e que non se conclúsen na dita data.

2. Entenderase que as entidades que recibisen apoios financeiros do FROB de acordo co previsto no título II do Real decreto lei 9/2009, do 26 de xuño, se encontran nun proceso de reestruturación para efectos do previsto neste real decreto lei, e que aquelas que estean sometidas a un proceso de reestruturación con intervención do FROB de acordo co previsto no artigo 7 do Real decreto lei 9/2009, do 26 de xuño, se encontran sometidas a un proceso de resolución para efectos do previsto neste real decreto lei. En todo caso, o Banco de España poderá acordar en calquera momento a apertura do correspondente proceso de resolución dunha entidade que recibise apoios financeiros do FROB de acordo co previsto no título II do Real decreto lei 9/2009, do 26 de xuño, se están nas circunstancias descritas no artigo 19 deste real decreto lei.

Malia o disposto no parágrafo anterior, os apoios financeiros que o FROB concedese de acordo co previsto no título II do Real decreto lei 9/2009, do 26 de xuño, continuarán a rexerse pola lexislación aplicable na data en que fosen concedidos.

Disposición transitoria segunda. *Procedementos sancionadores e de autorización en curso.*

Os procedementos administrativos sancionadores e de autorización que na data de entrada en vigor das disposicións derradeiras cuarta e sétima deste real decreto lei xa estivesen iniciados rexeranse pola normativa anterior até a súa finalización.

Disposición transitoria terceira. *Apoios financeiros recibidos.*

1. Para os efectos do disposto nos artigos 41 e 43, cando o FROB valore os apoios públicos recibidos pola correspondente entidade de crédito para asegurar unha repartición adecuada dos custos da reestruturación ou resolución da entidade, deberá tamén ter en conta os apoios públicos que a entidade recibise do FROB e que este desembolsase con cargo ao efectivo ou aos valores que se puxesen á súa disposición en virtude da asistencia financeira para a recapitalización das entidades financeiras españolas a que se refire a disposición adicional quinta do Real decreto lei 21/2012, do 13 de xullo, de medidas de liquidez das administracións públicas e no ámbito financeiro, mesmo cando a entidade recibise tales apoios públicos antes da entrada en vigor deste real decreto lei.

2. Excepcionalmente, a concesión de medidas de apoio por parte do FROB a aqueles procesos de integración de cooperativas de crédito iniciados con anterioridade á entrada en

vigor deste real decreto lei, ao abeiro do disposto no artigo 10 do Real decreto lei 9/2009, do 26 de xuño, rexerese polo disposto na citada norma, e quedarán excluídas tales medidas do programa de asistencia financeira para a recapitalización das entidades financeiras españolas a que se refire a disposición adicional quinta do Real decreto lei 21/2012, do 13 de xullo.

3. Aos apoios financeiros recibidos por unha entidade de crédito con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto lei non lles resultará de aplicación o previsto no artigo 4.2 deste real decreto lei.

Disposición transitoria cuarta. *Plan xeral de viabilidade.*

O Plan xeral de viabilidade previsto no artigo 31.1 bis da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito, conforme a redacción establecida na disposición derradeira cuarta deste real decreto lei, resultará exigible ás entidades, transcorridos seis meses desde que se complete o desenvolvemento regulamentario en que se especificará o seu contido.

Disposición transitoria quinta. *Réxime de achega de activos do Real decreto lei 18/2012, do 11 de maio, sobre saneamento e venda dos activos inmobiliarios do sector financeiro.*

A obriga de achegar activos adxudicados ou recibidos en pagamento ás sociedades de xestión de activos a que se refire o capítulo II do Real decreto lei 18/2012, do 11 de maio, sobre saneamento e venda dos activos inmobiliarios do sector financeiro, non resultará de aplicación a aquelas entidades de crédito participadas maioritariamente polo FROB ou que estean sometidas a un proceso de resolución, nin ao resto de entidades de crédito pertencentes ao seu grupo ou subgrupo consolidable.

Disposición transitoria sexta. *Requirimentos de capital principal até o 31 de decembro de 2012.*

Até o 31 de decembro de 2012 os grupos e entidades de crédito referidos no artigo 1 do Real decreto lei 2/2011, do 18 de febreiro, para o reforzamento do sistema financeiro, cumprirán cos requirimentos de capital principal conforme as exigencias e procedementos de cálculo vixentes antes da entrada en vigor deste real decreto lei.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao previsto neste real decreto lei e, en particular, as seguintes:

- a) O Real decreto lei 9/2009, do 26 de xuño, sobre reestruturación bancaria e reforzamento dos recursos propios das entidades de crédito.
- b) Os números dous bis e dous ter do artigo 3 do Real decreto 2606/1996, do 20 de decembro, sobre fondos de garantía de depósitos de entidades de crédito.
- c) A disposición transitoria terceira e a disposición derradeira terceira do Real decreto lei 2/2011, do 18 de febreiro, para o reforzamento do sistema financeiro.
- d) O punto 1.3 e o anexo II do Real decreto lei 2/2012, do 3 de febreiro, de saneamento do sector financeiro.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 13/1985, do 25 de maio, de coeficientes de investimento, recursos propios e obrigacións de información dos intermediarios financeiros.*

Engádense as letras k) e l) ao número 1 da disposición adicional segunda da Lei 13/1985, do 25 de maio, de coeficientes de investimento, recursos propios e obrigacións de información dos intermediarios financeiros, coa seguinte redacción:

«k) A oferta pública de venda debe contar cun tramo dirixido exclusivamente a clientes profesionais de, polo menos, o 50% do total da emisión, sen que o número

total de tales investidores poida ser inferior a 50, e sen que sexa de aplicación a este suposto o previsto no artigo 78 bis. 3. e) da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

l) No caso de emisións de entidades que non sexan sociedades cotizadas, nos termos do artigo 495 da Lei de sociedades de capital, o valor nominal unitario mínimo das participacións preferentes será de 100.000 euros e, no caso das restantes emisións, o valor nominal unitario mínimo das participacións preferentes será de 25.000 euros.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto legislativo 1298/1986, do 28 de xuño, sobre adaptación do dereito vixente en materia de entidades de crédito ao das comunidades europeas.*

Con efectos do 1 de xaneiro de 2013, modifícase a letra c) do artigo 6.1 bis do Real decreto legislativo 1298/1986, do 28 de xuño, sobre adaptación do dereito vixente en materia de entidades de crédito ao das comunidades europeas, que queda redactada do seguinte modo:

«c) As sancións por infraccións moi graves e graves que leven aparellada amoestación pública ou inhabilitación de administradores ou directivos.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.*

A Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, queda modificada nos seguintes termos:

Un. O número 3 do artigo 27 queda redactado do seguinte modo:

«3. Excepto para admisións a negociación de valores non participativos cuxo valor nominal unitario sexa igual ou superior a 100.000 euros, o folleto conterá un resumo que, elaborado nun formato estandarizado, de forma concisa e nunha linguaxe non técnica, proporcionará a información fundamental para axudar os investidores á hora de determinar se invisten ou non en tales valores.

Entenderase por información fundamental a información esencial e correctamente estruturada que se lles debe facilitar aos investidores para que poidan comprender a natureza e os riscos inherentes ao emisor, o garante e os valores que se lles ofrecen ou que van ser admitidos a cotización nun mercado regulado, e que poidan decidir as ofertas de valores que convén seguir examinando.

Sen prexuízo do que regulamentariamente se determine, formarán parte da información fundamental, como mínimo, os elementos seguintes:

a) Unha breve descrición das características esenciais e dos riscos asociados co emisor e os posibles garantes, incluídos os activos, os pasivos e a situación financeira.

b) Unha breve descrición das características esenciais e dos riscos asociados co investimento nos valores de que se trate, incluídos os dereitos inherentes aos valores.

c) As condicións xerais da oferta, incluídos os gastos estimados impostos ao investidor polo emisor ou polo oferente.

d) Información sobre a admisión a cotización.

e) Os motivos da oferta e o destino dos ingresos.

Así mesmo, nese resumo advertirase:

1.º Que se debe ler como introdución ao folleto.

2.º Que toda decisión de investir nos valores debe estar baseada na consideración por parte do investidor do folleto no seu conxunto.

3.º Que non se poderá exixir responsabilidade civil a ningunha persoa exclusivamente sobre a base do resumo, non sendo que este resulte enganoso, inexacto ou incoherente en relación coas demais partes do folleto, ou non proporcione, lida xunto coas outras partes do folleto, información fundamental para axudar aos investidores á hora de determinar se invisten ou non nos valores.»

Dous. O número 4 do artigo 28 queda redactado nos termos seguintes:

«4. Non se lles poderá exixir ningunha responsabilidade ás persoas mencionadas nos puntos anteriores sobre a base do resumo ou sobre a súa tradución, a menos que sexa enganoso, inexacto ou incoherente en relación coas demais partes do folleto, ou non proporcione, lido xunto coas outras partes do folleto, información fundamental para axudar os investidores á hora de determinar se invisten ou non nos valores.»

Tres. O número 1 do artigo 30 bis queda redactado nos termos seguintes:

«1. Unha oferta pública de venda ou subscrición de valores é toda comunicación a persoas en calquera forma ou por calquera medio que presente información suficiente sobre os termos da oferta e dos valores que se ofrecen, de modo que permita a un investidor decidir a adquisición ou subscrición destes valores.

A obrigación de publicar un folleto non será de aplicación a ningún dos seguintes tipos de ofertas que, consecuentemente para os efectos desta lei, non terán a consideración de oferta pública:

- a) Unha oferta de valores dirixida exclusivamente a investidores cualificados.
- b) Unha oferta de valores dirixida a menos de 150 persoas físicas ou xurídicas por Estado membro, sen incluír os investidores cualificados.
- c) Unha oferta de valores dirixida a investidores que adquiren valores por un importe mínimo de 100.000 euros por investidor, para cada oferta separada.
- d) Unha oferta de valores cuxo valor nominal unitario sexa polo menos 100.000 euros.
- e) Unha oferta de valores por un importe total na Unión Europea inferior a 5.000.000 euros, o que se calculará nun período de 12 meses.

Cando se trate de colocación de emisións previstas nas letras b), c), d) e e) deste número, dirixidas ao público en xeral empregando calquera forma de comunicación publicitaria, deberá intervir unha entidade autorizada para prestar servizos de investimento para efectos da comercialización dos valores emitidos.»

Catro. Modifícase a letra b) do artigo 35.5 e engádesse unha nova letra c), que quedan redactadas do seguinte modo:

«b) Os emisores que emitan unicamente valores de débeda admitidos a negociación nun mercado secundario oficial ou noutro mercado regulado cuxo valor nominal unitario sexa de polo menos 100.000 euros ou, no caso dos valores de débeda non denominados en euros, cuxo valor nominal unitario sexa, na data de emisión, equivalente a 100.000 euros como mínimo.

c) Sen prexuízo da letra b) anterior, os emisores que teñan unicamente emisións vivas de valores de débeda admitidas a negociación nun mercado secundario oficial ou noutro mercado regulado domiciliado na Unión Europea antes do 31 de decembro de 2010, cuxo valor nominal unitario sexa de polo menos 50.000 euros ou, no caso dos valores de débeda non denominados en euros, cuxo valor nominal unitario sexa, na data de emisión, equivalente a 50.000 euros como mínimo, durante todo o tempo en que tales obrigacións estean vivas.»

Cinco. Dáselle unha nova redacción ao terceiro parágrafo do número 3 do artigo 79 bis e engádesse un novo parágrafo cuarto, nos seguintes termos:

«A información referente aos instrumentos financeiros e ás estratexias de investimento deberá incluír orientacións e advertencias apropiadas sobre os riscos asociados a tales instrumentos ou estratexias. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá requirir que na información que se entregue aos investidores con carácter previo á adquisición dun produto se inclúan cantas advertencias coide necesarias relativas ao instrumento financeiro e, en particular, aquelas que destaquen que se trata dun produto non adecuado para investidores non profesionais debido á súa complexidade. Igualmente, poderá requirir que estas advertencias se inclúan nos elementos publicitarios.

No caso de valores distintos de accións emitidos por unha entidade de crédito, a información que se entregue aos investidores deberá incluír información adicional para destacar ao investidor as diferenzas destes produtos e dos depósitos bancarios ordinarios en termos de rendibilidade, risco e liquidez. O ministro de Economía e Competitividade ou, coa súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, poderán precisar os termos da citada información adicional.»

Seis. Os números 6 e 7 do artigo 79 bis quedan redactados do seguinte modo:

«6. Cando se preste o servizo de asesoramento en materia de investimentos ou de xestión de carteiras, a entidade obterá a información necesaria sobre os coñecementos e a experiencia do cliente, incluídos de ser o caso os clientes potenciais, no ámbito de investimento correspondente ao tipo de produto ou de servizo concreto de que se trate; e sobre a situación financeira e os obxectivos de investimento daquel, coa finalidade de que a entidade lle poida recomendar os servizos de investimento e instrumentos financeiros que máis lle conveñan. Cando a entidade non obteña esta información, non recomendará servizos de investimento ou instrumentos financeiros ao cliente ou posible cliente. No caso de clientes profesionais, a entidade non terá que obter información sobre os coñecementos e experiencia do cliente. A entidade proporcionará ao cliente por escrito ou mediante outro soporte duradeiro unha descrición de como se axusta a recomendación realizada ás características e aos obxectivos do investidor.

7. Cando se presten servizos distintos dos previstos no número anterior, a empresa de servizos de investimento deberá solicitar ao cliente, incluído de ser o caso os clientes potenciais, que facilite información sobre os seus coñecementos e experiencia no ámbito de investimento correspondente ao tipo concreto de produto ou servizo ofrecido ou solicitado, coa finalidade de que a entidade poida avaliar se o servizo ou produto de investimento é adecuado para o cliente. A entidade entregará ao cliente unha copia do documento que recolla a avaliación realizada.

Cando, con base nesa información, a entidade considere que o produto ou o servizo de investimento non é adecuado para o cliente, advertirao sobre isto. Así mesmo, cando o cliente non proporcione a información indicada neste punto ou esta sexa insuficiente, a entidade advertirao de que esa decisión lle impide determinar se o servizo de investimento ou produto previsto é adecuado para el.

En caso de que o servizo de investimento se preste en relación cun instrumento complexo segundo o establecido no número seguinte, exixirase que o documento contractual inclúa, xunto á sinatura do cliente, unha expresión manuscrita, nos termos que determine a Comisión Nacional do Mercado de Valores, pola que o investidor manifieste que foi advertido de que o produto non lle resulta conveniente ou de que non foi posible avaliálo nos termos deste artigo.

Nos termos que determine a Comisión Nacional do Mercado de Valores, as entidades que presten servizos de investimento deberán manter, en todo momento,

un rexistro actualizado de clientes e produtos non adecuados en que reflectan, para cada cliente, os produtos cuxa conveniencia fose avaliada con resultado negativo.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito.*

A Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito, queda modificada como segue:

Un. A letra p) do artigo 4 queda redactada do seguinte modo:

«p) A falta de remisión ao Banco de España por parte dos administradores dunha entidade de crédito do plan de retorno ao cumprimento das normas de solvencia ou dos plans de actuación ou de reestruturación a que se refire o Real decreto lei 24/2012, do 31 de agosto, de reestruturación e resolución de entidades de crédito, cando resulte procedente. Entenderase que existe falta de remisión cando transcorrese o prazo establecido para efectuala, contado desde o momento en que os administradores coñeceron ou deberon coñecer que a entidade se encontraba nalgunha das situacións que determinan a existencia de tal obrigaición.»

Dous. Con efectos do 1 de xaneiro de 2013, o artigo 18 queda redactado do seguinte modo:

«Sen prexuízo do disposto no artigo 42 desta lei, corresponde ao Banco de España a competencia para a instrución dos expedientes a que se refire este título e para a imposición das sancións correspondentes.

Cando o Banco de España impoña sancións por infraccións moi graves, dará conta razoada da súa adopción ao ministro de Economía e Competitividade.

O Banco de España remitirá con periodicidade trimestral ao Ministerio de Economía e Competitividade a información esencial sobre os procedementos en tramitación e as resolucións adoptadas.»

Tres. Con efectos do 1 de xaneiro de 2013, os números 1 e 2 do artigo 25 quedan redactados do seguinte modo:

«1. As sancións impostas conforme esta lei non serán executivas mentres non poñan fin á vía administrativa.

2. Poderase recorrer en alzada contra as resolucións do Banco de España que poñan fin ao procedemento ante o ministro de Economía e Competitividade, consonte o previsto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.»

Catro. O número 1 bis do artigo 30 bis queda redactado do seguinte modo:

«1 bis. As entidades de crédito e os grupos consolidables de entidades de crédito disporán, en condicións proporcionadas ao carácter, escala e complexidade das súas actividades, dunha estrutura organizativa adecuada, con liñas de responsabilidade ben definidas, transparentes e coherentes, así como de procedementos eficaces de identificación, xestión, control e comunicación dos riscos a que estean ou poidan estar expostos, xunto con mecanismos adecuados de control interno, incluídos procedementos administrativos e contables sólidos e políticas e prácticas de remuneración coherentes coa promoción dunha xestión do risco sólida e efectiva.

Como parte deses procedementos de goberno e estrutura organizativa, as entidades de crédito e grupos consolidables de entidades de crédito elaborarán e manterán actualizado un Plan xeral de viabilidade que recolla as medidas que se adoptarán para restaurar a viabilidade e a solidez financeira da entidade en caso de que estas sufran algunha deterioración significativa. O plan será sometido a

aprobación do Banco de España, que poderá exixir a modificación do seu contido e, en caso de consideralo insuficiente, impor á entidade as medidas previstas no artigo 24 do Real decreto lei 24/2012, do 31 de agosto, de reestruturación e resolución de entidades de crédito. Regulamentariamente, especificarase o contido que deberá incluír o Plan xeral de viabilidade.

Igualmente, como parte deses procedementos de goberno e estrutura organizativa, as entidades de crédito e grupos consolidables de entidades de crédito que presten servizos de investimento deberán respectar os requisitos de organización interna recollidos no artigo 70 ter.2 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, coas especificacións que regulamentariamente se determinen.

A adopción de tales medidas enténdese sen prexuízo da necesidade de definir e aplicar aquelas outras políticas e procedementos de organización que, en relación específica coa prestación de servizos de investimento, resulten exixibles a esas entidades en aplicación da normativa específica do mercado de valores.»

Cinco. O artigo 31 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 31.

1. Cando unha entidade de crédito estea nalgunha das situacións descritas no Real decreto lei 24/2012, do 31 de agosto, de reestruturación e resolución de entidades de crédito, poderase acordar a substitución provisional do seu órgano de administración nos termos previstos nesta lei e coas particularidades recollidas no citado real decreto lei.

2. Tamén se poderá acordar a intervención dunha entidade de crédito ou a substitución provisional do seu órgano de administración nos termos previstos nesta lei cando existan indicios fundados de que aquela se encontre nunha situación de excepcional gravidade que poña en perigo a súa estabilidade, liquidez ou solvencia.

3. Así mesmo, procederá a intervención ou a substitución provisional do órgano de administración dunha entidade de crédito nas situacións descritas nos artigos 59 e 62, relativas a incumprimentos das persoas que posúen unha participación significativa.

4. As medidas de intervención ou substitución a que se refire este artigo poderanse adoptar durante a tramitación dun expediente sancionador ou con independencia do exercicio da potestade sancionadora, sempre que se produza algunha das situacións previstas nos dous números anteriores.»

Seis. Con efectos do 1 de xaneiro de 2013, o número 1 do artigo 43 queda redactado do seguinte modo:

«Corresponderá ao Banco de España autorizar a creación de entidades de crédito, así como o establecemento en España de sucursais de entidades de crédito non autorizadas nun Estado membro da Unión Europea. A inscrición nos rexistros correspondentes, así como a xestión destes, corresponderá igualmente ao Banco de España.»

Disposición derradeira quinta. *Modificación da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.*

Engádesse unha nova letra g ao número 1 do artigo 11 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, coa seguinte redacción:

«g) Dos recursos contra os actos do Banco de España e do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria FROB adoptados conforme o previsto no Real decreto lei 24/2012, do 31 de agosto, de reestruturación e resolución de entidades de crédito».

Disposición derradeira sexta. *Modificación da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.*

A letra k) do número 2 da disposición adicional segunda da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, quedará redactada nos seguintes termos:

«k) O Real decreto lei 24/2012, do 31 de agosto, de reestruturación e resolución de entidades de crédito.»

Disposición derradeira sétima. *Modificación do Real decreto lei 2/2011, do 18 de febreiro, para o reforzamento do sistema financeiro.*

O Real decreto lei 2/2011, do 18 de febreiro, para o reforzamento do sistema financeiro, queda modificado nos seguintes termos.

Un. O artigo 1 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 1. *Reforzamento da solvencia das entidades de crédito.*

1. A partir do 1 de xaneiro de 2013, os grupos consolidables de entidades de crédito, así como as entidades de crédito non integradas nun grupo consolidable de entidades de crédito, que poden captar fondos reembolsables do público, excluídas as sucursais en España de entidades de crédito autorizadas noutros países, deberán contar cun capital principal de, polo menos, o 9% das súas exposicións totais ponderadas por risco e calculadas de conformidade coa normativa xeral sobre recursos propios prevista na Lei 13/1985, do 25 de maio, de coeficientes de investimento, recursos propios e obrigas de información dos intermediarios financeiros, e na súa normativa de desenvolvemento, e sen prexuízo do cumprimento dos requirimentos de recursos propios exixidos por esta normativa.

2. Unha vez transcorridos os prazos de cumprimento previstos na disposición transitoria primeira, será de aplicación aos supostos de insuficiencia de capital principal, coas especialidades que resulten deste real decreto lei, a normativa sobre incumprimentos de recursos propios e, en particular, a obriga de presentar un plan de retorno ao cumprimento e o previsto no artigo décimo primeiro da Lei 13/1985, do 25 de maio.

3. O Banco de España poderá exixir ás entidades ou grupos citados neste artigo o cumprimento dun nivel de capital principal superior ao previsto no número 1 se a entidade non alcanza, no escenario máis adverso dunha proba de resistencia do conxunto do sistema, o nivel de recursos propios mínimos exixido nesa proba e até o límite desa exixencia.

4. Así mesmo, o Banco de España, no marco da revisión supervisora da adecuación de capital a que se refire a letra c) do número 1 do artigo décimo bis da Lei 13/1985, do 25 de maio, poderá exixir ás entidades ou aos grupos citados neste artigo contar cun exceso adicional de capital principal.

5. En todo caso, os grupos consolidables de entidades de crédito, así como as entidades de crédito non integradas nun grupo consolidable de entidades de crédito suxeitas á exixencia de capital principal establecida neste artigo non poderán, sen a autorización previa do Banco de España, reducir os compoñentes do capital principal por debaixo da cifra correspondente ao 31 de decembro de 2012 cando esa redución sexa como consecuencia da distribución, reembolso ou remuneración dos compoñentes do capital principal ou de calquera outra actuación que teña por obxecto o menoscabo do compromiso dos tedores dos respectivos instrumentos para coa entidade emisora.»

Dous. O artigo 2 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 2. *Capital principal.*

1. Para os efectos do previsto no artigo 1, o capital principal dunha entidade de crédito comprenderá os seguintes elementos dos seus recursos propios:

a) O capital social das sociedades anónimas, excluídas, de ser o caso, as accións rescatables e sen voto, os fondos fundacionais e as cotas participativas das caixas de aforro e as cotas participativas de asociación emitidas pola Confederación Española de Caixas de Aforro e as achegas ao capital social das cooperativas de crédito. En todo caso, excluíranse do cálculo as accións ou valores computables mencionados neste punto que estean en poder da entidade ou de calquera entidade consolidable e os que fosen obxecto de calquera operación ou compromiso que prexudique a súa eficacia para cubrir perdas da entidade ou do grupo.

b) As primas de emisión desembolsadas na subscrición de accións ordinarias ou doutros instrumentos previstos na letra anterior.

c) As reservas efectivas e expresas, así como os elementos que se clasifican como reservas, de conformidade coa normativa xeral sobre recursos propios, e os resultados positivos do exercicio computables.

d) As participacións representativas dos intereses minoritarios que correspondan a accións ordinarias das sociedades do grupo consolidable, de acordo coa normativa xeral sobre recursos propios.

e) Os instrumentos computables subscritos polo Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria, no marco da súa normativa reguladora, que sexan así mesmo computables como recursos propios básicos pola normativa sobre requirimentos de recursos propios aplicable.

f) Os instrumentos convertibles en accións ordinarias, cotas participativas ou achegas ao capital das cooperativas de crédito, que o Banco de España cualifique de computables como capital principal. Os contratos ou folletos de emisión, así como calquera modificación das súas características, deberán ser previamente remitidos ao Banco de España, co fin de que este cualifique a súa computabilidade como capital principal.

2. Do resultado da suma anterior deducirase o importe:

a) Dos resultados negativos de exercicios anteriores, que se contabilizan como saldo debedor da conta de reservas (perdas) acumuladas, e as perdas do exercicio corrente, incluído o importe dos resultados de exercicio (perda) atribuídos á minoría, así como os saldos debedores das contas do patrimonio neto.

b) Dos activos inmateriais, incluído o fondo de comercio procedente de combinacións de negocio, de consolidación ou da aplicación do método da participación. O valor dese activo calcularase conforme o que dispoña o Banco de España.

c) Do 50% do importe dos seguintes activos:

i) As participacións en entidades financeiras consolidables pola súa actividade, pero non integradas no grupo consolidable, cando a participación sexa superior ao 10% do capital da participada.

ii) As participacións en entidades aseguradoras, de reaseguros, ou en entidades cuxa actividade principal consista en ter participacións en entidades aseguradoras, no sentido indicado no primeiro parágrafo do número 3 do artigo 47 do Código de comercio, ou cando, de maneira directa ou indirecta, se dispoña do 20% ou máis dos dereitos de voto ou do capital da participada.

iii) Os financiamentos subordinados ou outros valores computables como recursos propios emitidos polas entidades participadas a que se refiren as dúas alíneas anteriores e adquiridos pola entidade ou grupo que posúa as participacións.

iv) As participacións iguais ou inferiores ao 10% do capital de entidades financeiras consolidables pola súa actividade, pero non integradas no grupo consolidable, e os financiamentos subordinados ou outros valores computables como recursos propios emitidos por entidades dese carácter, participadas ou non, e adquiridas pola entidade ou grupo que posúa as participacións, na parte que a

suma de todas elas exceda o 10% dos elementos de recursos propios recollidos no número 1 anterior netos das deducións a que se refiren a letra a) e b) deste número.

v) O importe das exposicións en titulizacións que reciban unha ponderación de risco do 1.250% conforme a normativa aplicable sobre requirimentos de recursos propios, salvo cando ese importe fose incluído no cálculo dos riscos ponderados para o cálculo dos requirimentos de recursos propios por activos titulizados, estean ou non dentro da carteira de negociación.

vi) No caso das entidades que calculen as posicións ponderadas por risco conforme o método baseado en cualificacións internas, o saldo negativo que xurda de restar as correccións de valor por deterioración e as provisións polos riscos, e as perdas esperadas; e os importes das perdas esperadas dos riscos de renda variable cuxas exposicións se calculen polo método baseado na probabilidade de incumprimento e a perda en caso de incumprimento (método PD/LGD) ou polo método simple para a carteira de dispoñibles para a venda.»

Tres. O artigo 3 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 3. *Réxime sancionador.*

1. As obrigas previstas neste real decreto lei consideraranse normas de ordenación e disciplina, e as entidades e persoas que as incumplan incorrerán en responsabilidade administrativa sancionable consonte o disposto no título I da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito.

2. Sen prexuízo do previsto na disposición transitoria primeira deste real decreto lei, o incumprimento do previsto no artigo 1 considerárase infracción moi grave ou grave de acordo co previsto na letra c) do artigo 4 e na letra h) do artigo 5 da Lei 26/1988, do 29 de xullo.»

Catro. A disposición transitoria primeira queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición transitoria primeira. *Estratexia de cumprimento dos requirimentos de capital.*

1. Os grupos consolidables de entidades de crédito, así como as entidades de crédito non integradas nun grupo consolidable de entidades de crédito deberán cumprir co disposto en materia de requisitos de capital principal nos números 1 e 2 do artigo 1 deste real decreto lei, o 1 de xaneiro de 2013.

2. Aquelas entidades ou grupos consolidables de entidades de crédito que o 1 de xaneiro de 2013 non contén coa cifra de capital principal que lles resulte exixible de acordo co disposto no artigo 1.1, deberán presentar ante o Banco de España, no prazo de 20 días hábiles, a estratexia e o calendario para o seu cumprimento antes do 30 de xuño de 2013, sen prexuízo do previsto no parágrafo seguinte. No prazo de 15 días hábiles, esas medidas deberán ser aprobadas polo Banco de España, que poderá exixir a inclusión das modificacións ou medidas adicionais que considere necesarias para garantir o cumprimento da cifra de capital principal exixible. Porén, as entidades ou grupos consolidables de entidades de crédito que prevexan incumprir o requisito de capital principal en 1 de xaneiro de 2013, comunicarán esa previsión ao Banco de España, que deberá aprobar a estratexia e o calendario de cumprimento tentativos presentados pola entidade para o caso de que se confirme tal incumprimento, todo isto segundo os prazos sinalados anteriormente.

O disposto neste número non será de aplicación a aquelas entidades que, presentasen con anterioridade plans, no marco do Real decreto lei 24/2012, do 31 de agosto, de reestruturación e resolución de entidades de crédito, que recollan o

cumprimento dos requisitos de capital principal establecidos no artigo 1 deste real decreto lei.

3. O réxime sancionador recollido no artigo 3 non se aplicará ás entidades até que transcorresen os prazos de cumprimento dos requirimentos de capital principal previstos nesta disposición.

4. As entidades integradas nun sistema institucional de protección consonte o disposto no artigo 8.3.d) da Lei 13/1985, do 25 de maio, de coeficientes de investimento, recursos propios e obrigas de información dos intermediarios financeiros, deberán adoptar, a nivel individual, os acordos que requira o cumprimento da estratexia e o calendario de recapitalización.»

Disposición derradeira oitava. *Modificación do Real decreto lei 16/2011, do 14 de outubro, polo que se crea o Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito.*

O Real decreto lei 16/2011, do 14 de outubro, polo que se crea o Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito, queda modificado como segue:

Un. O artigo 2.1 queda redactado do seguinte modo:

«1. Créase o Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito, en diante o Fondo, co obxecto de garantir os depósitos en entidades de crédito até o límite previsto neste real decreto lei.»

Dous. O artigo 4 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 4. *Función do Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito.*

A función do Fondo é a de garantía dos depósitos conforme o previsto neste real decreto lei e na súa normativa de desenvolvemento.»

Tres. A letra b) do artigo 8.1 queda redactada do seguinte modo:

«b) Que, téndose producido impagamento de depósitos e sempre e cando non se acordase a apertura dun proceso de resolución da entidade, o Banco de España determine que a entidade se encontra na imposibilidade de restituílos inmediatamente por razóns directamente relacionadas coa súa situación financeira. O Banco de España tomará esa determinación coa maior brevidade posible e, en calquera caso, deberá resolver dentro do prazo máximo que se determine regulamentariamente, tras comprobar que a entidade non logrou restituír os depósitos vencidos e exixibles.»

Catro. Suprímese o título III.

Cinco. Introdúcese un artigo 11, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 11. *Medidas de apoio á resolución dunha entidade de crédito.*

1. Para o cumprimento da función prevista no artigo 4 e en defensa dos depositantes cuxos fondos están garantidos e do propio Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito, o Fondo poderá adoptar medidas de apoio á resolución dunha entidade de crédito.

Para estes efectos, cando unha entidade de crédito se encuentre nun proceso de resolución conforme o disposto no Real decreto lei 24/2012, do 31 de agosto, de reestruturación e resolución de entidades de crédito, o Fondo, dentro do marco do plan de resolución aprobado, poderá executar calquera medida de apoio financeiro das previstas no número seguinte que facilite a resolución da entidade.

Ao adoptar estas medidas, o Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito non poderá asumir un custo financeiro superior aos desembolsos que tivese que realizar de optar, no momento de apertura do proceso de resolución, por realizar o pagamento dos importes garantidos en caso de liquidación da entidade.

2. As medidas de apoio financeiro que poderá implementar o Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito poderanse concretar nunha ou varias das seguintes:

- a) O outorgamento de garantías.
- b) A concesión de préstamos ou créditos.
- c) A adquisición de activos ou pasivos, podendo manter a súa xestión ou encomendarlla a un terceiro.

3. O Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito poderá solicitar á Comisión Reitora do FROB a información relativa ao proceso de resolución necesaria para facilitar a súa participación conforme o previsto neste artigo. Co traslado desta información, o Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito quedará sometido ao réxime de deber de segredo previsto no artigo 57 do Real decreto lei 24/2012, do 31 de agosto.»

Disposición derradeira novena. *Modificación do Real decreto lei 2/2012, do 3 de febreiro, de saneamento do sector financeiro.*

O Real decreto lei 2/2012, do 3 de febreiro, de saneamento do sector financeiro, queda modificado como segue:

Un. A letra g) do artigo 2.2 queda redactada do seguinte modo:

«g) As xuntas de accionistas ou asembleas xerais das entidades que se integran deberán votar favorablemente o acordo de integración antes do 31 de outubro de 2012. En todo caso, a integración deberase concluír non máis tarde do 1 de xaneiro de 2013.»

Dous. O artigo 5.3.a).4.^a queda redactado do seguinte modo:

«Retribución fixa por todos os conceptos de presidentes executivos, conselleiros delegados e directivos das entidades que, sen estaren maioritariamente participadas polo FROB, reciban apoio financeiro del: 500.000 euros.»

Tres. O artigo 5.6 queda modificado como segue:

«Cando as entidades a que se refiren os números 1, 2 e 3 participen ou participasen nun proceso de integración, as limitacións ás remuneracións recollidas neses números só serán de aplicación aos administradores e directivos que o sexan daquela das entidades que precise o apoio financeiro público ou que dea orixe a este e que, para os efectos deste punto, deberá identificarse como tal no correspondente plan de integración. Así mesmo, o ministro de Economía e Competitividade, á vista do plan de retribucións que se presente e da situación económico-financiera das entidades participantes nel, poderá modificar os criterios e límites fixados nos números 2 e 3 deste artigo.»

Disposición derradeira décima. *Modificación da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012.*

A Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012, queda modificada como segue:

Un. Engádesse un artigo 51 bis, que queda redactado nos seguintes termos:

«De acordo co disposto no artigo 51.2 do Real decreto lei 24/2012, do 31 de agosto, de reestruturación e resolución de entidades de crédito, o límite de recursos alleos obtidos polo FROB durante o exercicio orzamentario de 2012 será de 120.000 millóns de euros.»

Dous. O número un do artigo 52 queda redactado nos seguintes termos:

«O importe máximo dos avais que outorgará o Estado durante o exercicio do ano 2012 non poderá exceder os 258.278.560 miles de euros.»

Tres. A letra b) do número dous do artigo 52 queda redactada nos seguintes termos:

«96.235.000 miles de euros para o outorgamento de avais ás obrigacións económicas derivadas das emisións de bonos e obrigacións que realicen as entidades de crédito residentes en España cunha actividade significativa no mercado de crédito nacional, dos cales 55.000.000 miles de euros se reservan para aqueles avais que se outorguen a partir da entrada en vigor desta lei e que se regulan no artigo 52 bis.»

Disposición derradeira décimo primeira. *Modificación do Real decreto lei 21/2012, do 13 de xullo, de medidas de liquidez das administracións públicas e no ámbito financeiro.*

O número 4 da disposición adicional quinta do Real decreto lei 21/2012, do 13 de xullo, queda redactado como segue:

«4. No ámbito das súas funcións e tendo en conta o beneficio do conxunto do sistema de entidades adheridas, o Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito poderá adoptar medidas tendentes a facilitar a implementación da asistencia financeira europea para a recapitalización das entidades de crédito españolas. En todo caso, o custo destas medidas deberá resultar inferior aos desembolsos que tivese que realizar o Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito de conformidade coa súa normativa reguladora, de optar, no momento de apertura do proceso de reestruturación ou resolución, por realizar o pagamento dos importes garantidos en caso de liquidación da entidade.»

Disposición derradeira décimo segunda. *Réxime xurídico aplicable ás garantías constituídas a favor do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria e do Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito.*

O réxime xurídico establecido na disposición adicional sexta da Lei 13/1994, do 1 de xuño, de autonomía do Banco de España, será aplicable así mesmo ás garantías constituídas a favor do FROB e do Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito no exercicio das súas funcións.

Disposición derradeira décimo terceira. *Títulos competenciais.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.6.^a, 8.^a, 11.^a, 13.^a e 14.^a da Constitución española, que lle atribúen ao Estado a competencia sobre lexislación mercantil e procesual, lexislación civil, bases da ordenación do crédito, banca e seguros, bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e facenda xeral e débeda do Estado, respectivamente.

Disposición derradeira décimo cuarta. *Facultade de desenvolvemento.*

1. O Goberno poderá ditar as normas regulamentarias necesarias para o desenvolvemento do disposto neste real decreto lei.

2. Facúltase o Banco de España para ditar as disposicións precisas para a debida execución do previsto na disposición derradeira sétima e, en particular, establecer a frecuencia e a forma das declaracións de cumprimento da ratio de capital principal, definir os conceptos contables que deban integrar a definición de capital principal, así como a forma en que se teñan que computar, e precisar os requisitos de emisión dos instrumentos de débeda obrigatoriamente convertibles para a súa computabilidade como capital principal. Así mesmo, poderá determinar como se poderán axustar as exposicións ponderadas por

risco para que o requirimento de recursos propios de cada exposición de risco non exceda o valor da propia exposición e para que se preserve a consistencia entre o valor das exposicións e os compoñentes do capital principal.

Disposición derradeira décimo quinta. *Finalización da vixencia do capítulo VII.*

O disposto no capítulo VII deste real decreto lei será aplicable até o 30 de xuño de 2013.

Disposición derradeira décimo sexta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor desde o momento da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 31 de agosto de 2012.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY